

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · Abril - Maio - Xuño 2004]

Takeshi-Kitano

As Praias no Ferrol

Xaquín Lorenzo "Xocas"

O Ateneo do século XXI

Falamos de...
Día das Letras Galegas e a Marcha Mundial de Mulleres
Outras entidades...
AMICOR
Bases dos concursos
"Constantino Bellón"
"Medio Ambiente"
Ademais...
SERVICIOS, BREVES, O PARNASO, e A PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE







nº 15



SUMARIO







ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 15
Abril-Maio-Xuño
2004

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).


O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Xavier Pita Seixo
DESEÑO E MAQUETACIÓN
María Marqués
ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Juan J. Burgoa, Ricardo Pena, Tono da Graña, Irene Delgado, Carlos Alberto Alonso, Xavier Alcalá, Carlos Piñeiro Díaz, Gabriel Tizón, Manolo Rivas, Carme Kruckenberg.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza: BODEGA 147, DISTRIGALICIA, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, MULTIÓPTICAS-CALLAO, RECINOR, CAIXAGALICIA, LIBRERÍA DEL CAMPUS.



EDITORIAL



Liamos na editorial da última Revista ATENEA unhas reflexións sobre os tempos de «parto» que estamos a vivir, sen facer ningunha leve alusión, nin pensar por suposto, nos posibles «partos da besta», nos dramáticos e tráxicos *zarpazos* que necesariamente levan tempo de preparación e «ocupan» a atención, a tétrica dedicación, dos covardes e incualificables asasinos que non respectan a esencia da humanidade, a VIDA.

Chegounos ese «mal parto» en vésperas do día da soberanía dos cidadáns, o día da afirmación da convivencia democrática, o día das eleccións estatais, consecuentemente marcadas pola rabia contida, polo desacougo, a impotencia e a dor infinita polo sufrimento inmenso de tantos/as cidadáns castigados inxusta e inutilmente.

E o POBO respondeu, a cidadanía volcouse nas rúas e volcouse nas hurnas.

Por riba de consideracións diversas que poden e deben facerse na análise do conxunto e das particularidades e matices dunha situación complexa como esta, hai que afirmar e reafirmar con rotundidade a madurez e a maioría de idade do noso pobo, dos nosos pobos, dende Catalunya a Galicia, dende Extremadura ó País Valenciá, dende Andalucía a Euskadi, dende Navarra e a Rioxa a Canarias, pasando polas dúas Castelas e polo resto de autonomías deste País plural.

E todo este mosaico de xentes, pobos, culturas, sentiuse estremecido, ferido e desgarrado pola acción bárbara, polo estoupido indiscriminado e salvaxe. E non se amilanou, non se encolleu; chorou, si, choramos, houbo tristura amarga, bágoas intensas e prolongadas en tódolos recunchos de España e máis aló das nosas fronteiras, pero tamén houbo resposta firme, enteira e de gran altura, resposta cidadán nas manifestacións espontáneas e convocadas, resposta masiva na convocatoria electoral.

E xa temos resultados, o pobo falou e «mandou calar», a uns e a outros.

Relevo no poder, alternancia democrática pero sen maiorías absolutas que emborrachan e embotan os sentidos.

Con sentidiño, con humildade pero con eficacia, con atención a TODOS e TODAS, respectando tódalas regras de xogo, a compoñer un novo equipo de Goberno, cun plano, un programa consensuado amplamente, no marco dun respecto á oposición democrática e ás minorías con representación parlamentaria ou sen ela.

A grandeza dos gobernantes mídese polo respecto a tódolos grupos, e a tódalas ideas, a todo canto xurde desta colectividade plural e creativa na que nos tocou vivir. E será a racionalidade, a participación cidadá a que deba ir configurando as ideas, os planos e os obxectivos que se deben ir desenvolvendo e consolidando. Confiemos nos novos tempos que superen e melloren os pasados. ⌘

ATENEO FERROLÁN



SOLIEDARIDADE PARA AS VÍCTIMAS DA BARBARIE DO 11 DE MARZO


XUSTIZA IMPLACABLE PARA OS ASASINOS

¡PAZ E LIBERDADE!




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS




Eixo Atlántico. Nº 5
Revista de pensamento
ISSN 1696-5957




Brigantium. Nº 14
Ed. Museo Arqueolóxico
e Histórico Castelo de S. Antón
ISSN: 0211-318X



Murguía. Nº 2
Revista galega de historia
Ed. Asociación galega de
historiadores
ISSN: 1696-9197



Claustro. Nº 0
Ed. Asociación de amigos del
monasterio de santa Catalina



Ferrolanálisis. Nº 18
Ed. Club de Prensa de Ferrol
ISSN: 1576-4540



Artez. Nº 83
Revista de las artes escénicas
Ed. Artez blai. Kultur elkartea



El extramundi y los papeles de Iria Flavia. Nº 36
Ed. Fundación Camilo José Cela
ISSN: 1134-9905



Tempos. Nº 81
Revista mensual de información
para o debate
Ed. Atlántica de información e
comunicación de Galicia
ISSN: 1137-6945

OBRAS DE REFERENCIA

Enciclopedia Galega Universal
Ed. Ir Indo

Gran Enciclopedia Gallega

Enciclopedia Británica


Enciclopedia *Proxecto Galicia*
Hércules de Edicións. Tomo XXXIX

Anuarios de Difusora internacional



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS




Fernán Pérez de Andrade, o Boo
José Francisco Correa Arias
Ed. Toxosoutos.
Noia, 2004
ISBN: 84-96259-12-9
Premio historia medieval
de Galicia 2003



Corazón de luz y llanto
José Luis Prado Nogueira
Ed. Sociedade cultural
Valle-Inclán.
Ferrol, 2003
ISBN: 84-95289-42-3



La iglesia de Santiago de Pontedeume
Carlos de Castro Álvarez
y Juan Carlos Vázquez Arias
Ed. Deputación Provincial da
Coruña, 2003
ISBN: 84-95950-77-4



Una sociedad en cambio. Ferrol a finales del antiguo régimen
Alfredo Martín García
Ed. Embora.
Ferrol, 2003
ISBN: 84-95460-09-2



Las Reales fábricas de Ferrol. Gremios y barcos en el siglo XVIII
Manuela Santalla.
Xoán Braxe (il.)
Ed. Embora.
Ferrol,2003
ISBN: 84-95460-32-7



Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual
Mª Rosa Saurín de la Iglesia
Ed. IEG «Padre Sarmiento» CSIC
ISBN: 84-00-08170-6.
Santiago de Compostela, 2003



Do descoñecido ao descoñecido. Obra poética (1980-2003)
Manuel Rivas
Ed. Espiral maior, 2003
ISBN: 84-95625-85-7



Ácaros verdes
Pilar Buela
Ed. Sotelo Blanco.
Santiago de Compostela, 2003
ISBN: 84-7824-437-9
Premio Manuel Lueiro Rey,
de novela curta, 2003

PRENSA DIARIA

Diario de Ferrol	Faro de Vigo	Novas de Galiza
La Voz de Galicia	A Nosa Terra	El País El Mundo
El Correo Gallego	Galicia Hoxe	Le Monde Diplomatique





TAKESHI KITANO: CELULOIDE IMPASIBLE

C. A. Alonso
(www.asmuxicas.com)

O público occidental e sobre todo o europeo, onde é moi ben recibido o seu traballo, coñece a **T. K.** Pola súa dobre faceta de actor e director, pero estas son só dúas das caras dun creador completo e infatigable: guionista e montador da maior parte das películas que dirixe, un verdadeiro showman do *star system* televisivo xaponés que incluso cultivou a pintura e a novela escrita. **Takeshi Kitano** naceu o 18 de xaneiro de 1947 no barrio proletario de Senju en Tokyo, foi o máis pequeno de catro irmáns e creceu entre a pobreza e as necesidades dos tempos da posguerra. Apoiado pola súa nai, **Takeshi** empezou a estudiar enxeñería na **Universidade Meiji**, unha das máis importantes de Xapón. **Kitano** tiña pouco interese nos estudios e pronto deixou a universidade para instalarse, cheo de curiosidade, no barrio máis bohemio de Tokyo, Asakusa, especie de «Greenwich Village» xaponés, inmortalizado no seu momento polo escritor **Yasunari Kawabata**:

> *Quería impregnarme do que por aquel entón ulía a última moda: hippismo, psicodelia, happenings, anfetaminas, hachís. Pasaba o día enteiro no café Fugetsudo, no medio dos que se proclamaban escritores, poetas errantes ou autores dramáticos; en medio de existencialistas que falaban sobre* ***Jean Paul Sartre****, cineastas de vangarda, deseñadores e publicistas.*

«...unha vez aceptado o sufrimento, non existe tanta diferencia entre estar vivo ou morto.

Durante esa época, estivo desempeñando varios postos (camareiro nun club de jazz, mozo de equipaxes nun aeroporto, conductor de taxi) ata que se converteu en ascensorista do France-Za, un teatro de variedades no que atopou a súa vocación. En 1973 pediuselle que substituíra ó compañeiro dun cómico chamado **Kiyoshi Kaneko**, có que finalmente formaría **Two Beats**, dúo de «Manzai» (un estilo de improvisación cómica a dúo, caracterizado pola rapidez e o sarcasmo na súa execución) e que acadou fama por todo o país, debutando finalmente na **TV de Tokyo** en 1974. Máis tarde foi intérprete de telenovelas, moderador de debates, comentarista deportivo, presentador de concursos e, ante todo, un cómico dos de maior éxito do seu país. Moitos de nós podemos recordalo no delirante programa emitido en España durante os 90, nos comezos da Tele 5 das MamaChicho, ***Humor amarillo***, cuxo nome orixinal era **O Castelo de Takeshi**, do que era director e presentador...



Como actor vímolo por primeira vez xunto a **David Bowie** nesa marabilla que é ***Feliz Nadal Mr. Lawrence*** dirixido por **Nagisha Oshima**, con quen volveu a traballar recentemente, e tratando temas coincidentes, en **Gohatto**. A infumable producción norteamericana ***Johnny Mnemomic*** ou máis recentemente a chocante ***Battle Royale*** se aproveitaban tamén da súa intervención. Ademais, se adxudicou o papel protagonista na maioría dos seus filmes, como no seu particular ciclo sobre yakuzas modernos (***Violent Cop***, ***Sonatine***, ***Hana-Bi*** y ***Brother***), onde **Kitano** dá vida a ese matón individualista máis imperturbable que o mesmísimo **Charles Bronson**, pero capaz de sacrificar a súa vida pola amizade ou o amor. Personaxes románticos conscientes de que teñen os días contados e de que lles queda pouco tempo para deixar algún legado digno, e dar certo sentido a súa morte.

El mesmo, ó falar do seu traballo, insiste en distinguir claramente a súa faceta como autor e creador na que firma co seu propio nome, **Takeshi Kitano**, mentres que na súa carreira de actor e showman faino como **Beat Takeshi**. Contemplativo e poético o primeiro, e provocador, falto de prexuízos e populista o segundo, e ó parecer, aínda que pareza estraño, sen contradicirse. Dando camiño ás inquietudes da súa primeira personalidade, narrou as desventuras dun bo número de personaxes perturbados: adolescentes xordos (***A scene at the sea***), mozos marxinados (***Boiling Point***), rebeldes sen causa (***Kids return***), «polis» metidos a delincuentes (***Hana-Bi***), desvergonzado sen escrúpulos (***El verano de Kikujiro***) ou yakuzas desterrados a outro país (***Brother***), nuns momentos nos que a figura do heroe clásico parecía condenada ó esquecemento.

A súa carreira como realizador comeza no 1989 cando **Kitano** dirixe a súa primeira película: ***Violent Cop***. Chamárano para interpretar ó gánster protagonista, pero o director contratado, **Kinji Fukasaku**,





abandonou o proxecto e substituírono por **Kitano** a pesar de no ter este ningunha experiencia previa como director. Na película, o actor interpreta a un policía individualista e vingador que parece saído da maxistral ***Centauros do deserto***, e bebe das fontes interpretativas de John Wayne ou Clint Eastwood, e sobre todo do desencanto crepuscular que este último como director (ou anteriormente Sam Peckinpah ou Sergio Leone; cada un a súa maneira claro está) gosta de imprimir ós seus westerns.

A súa segunda incursión na dirección é ***Boiling Point*** (1990) onde dá vida a un mafioso incongruente e con tendencias suicidas e combina o humor desatado que caracterizaba os seus experimentos e emisións televisivas cunha melancolía inesperada; a continuación roda ***A scene at the sea*** (1992) no que deixa constancia da súa particular fascinación polo mar, e ***Sonatine*** (1993), filme que **Tarantino** recomendou á Miramax para a súa distribución en EE.UU, e polo que empeza a ser coñecido entre os seus colegas ianquis (**Scorsese** manifestase como un gran admirador seu). Tras realizar estes tres dramas, cada cal máis interesante, **Kitano** filma a súa primeira comedia, ***Getting any?*** (1995) que ademais é o traballo que máis lle acerca a súa faceta de showman catódico. Pouco despois xógase a vida da maneira máis torpe. Tras unha noite de copas, monta na súa motocicleta levando o casco mal axustado e medio durmido choca contra un poste de teléfonos. Pasa catro meses ingresado no **Tokyo Medical College Hospital**, con numerosas fracturas (especialmente na cabeza), que lle deixan severas cicatrices e unha afasia (perdida total ou parcial da fala e/ou de comprender a linguaxe) que lle dá o toque definitivo para interpretar ó terrorífico e doce yakuza que cría ver no seu pai. **Kitano** coméntao co seu peculiar humor:



> *No accidente golpeeime o costado dereito da cabeza. Parece que este costado está relacionado co potencial artístico. Así que había dúas posibilidades: ou me convertía nun xenio inigualable ou me transformaba nun completo imbécil... Obviamente, preferín tentar ser un xenio. E púxenme a ler montóns de libros e a ver moitas películas para alimentar a miña creatividade.*

«Takeshi ferido», titularon a raíz do accidente os principais diarios de Xapón. Días despois **Kitano** daba unha conferencia de prensa, co rostro case desfigurado. Levoulle un bo tempo reeducar o uso dos músculos faciais. Poucos meses máis tarde, bastante recuperado, quixo regresar á TV pero xa non foi o mesmo. O seu humor antes repleto de enerxía resultaba agora entristecido. **Kitano** virou máis para o cine e comezou a pintar, escribir e ó estudio da ciencia. Deixou a bebida. O clima que atravesa ***Hana-bi*** resume aqueles anos posteriores ó accidente. O público xaponés creu que estaba acabado, que endexamais o volverían a ver nun espectáculo ou dirixindo unha das súas obras. Equivocábanse.

O seu seguinte traballo, ***Kids Return*** (1996) é a súa obra máis optimista e autobiográfica (o filme está baseado case nun cincuenta por cento en lembranzas persoais), ***Hana-bi*** (1997), coa que logrou chegar á cúspide do seu prestixio internacional gañando o León de Ouro no **Festival de Venecia** e o Gran Premio Félix da Academia Europea, é cruel e marabillosa en moitos aspectos, pero sobre todo é un poema de amor escrito en sangue, unha historia de fantasmas interpretada por personaxes que xa non coñecen máis límites que os que eles se queiran impor, e que unha vez aceptado o sufrimento, non existe tanta diferencia entre estar vivo ou morto. ***El verano de KikujirM*** (1999) unha «road movie» de atmosfera chaplinesca onde a amargura do abando-

"Decálogo para dirixir heroes"

por Takeshi Kitano

1.- Non fales moito: Os personaxes locuaces din moitas tonterías. Unha boa liña ou réplica é suficiente.

2.- Non tentes humanizar á forza ó heroe. Si é heroe é porque se aparta da masa xeneral.

3.- Un heroe tamén fai cousas malas. De feito, é máis interesante canto peor e politicamente incorrecto se comporta.

4.- Dota ó teu personaxe de tics repetitivos e recoñecibles. Esto vai unido ó de falar pouco.

5.- O público debe ter simpatía por ti mesmo, non por facerte gracioso.

6.- Mostra sentimentos, pero non sexas sentimental. Se podes emitir amor cun xesto, mellor que co rostro.

7.- Un heroe pode namorarse, pero sempre asume que o seu amor está condenado ó fracaso.

8.- Ás veces, a violencia é o mellor, o único medio para que o protagonista se exprese: non o valores moralmente.

9.- Dálle unha saída digna o teu heroe: o público cho agradecerá aínda que non sexa un final feliz.

10.- Lembra que estás nunha película de Kitano: o heroe parécese a el, o sexa, a min.



Takeshi Kitano – Official Site http://www.office-kitano.co.jp









no infantil aparece no seo dunha comedia sorprendente e surrealista, ***Brother*** (2000) un atípico e moi recomendable capítulo made in USA da súa saga yakuza, ***Dolls*** (2002) onde nos deixa claro que é compatriota de **Yasujiro Ozu**, e o ritmo repousado e unha posta en escena mínima se apoderan incluso da violencia ou a acción, e a recente ***ZatMichi*** (2003), premio á mellor película en Sitges'03, novamente nos deixa claro cal é a súa forma de ver a linguaxe cinematográfica, onde o auténtico cine consiste en narrar a través de imaxes. As palabras son secundarias. Mantendo o seu estilo de equilibrados contrastes entre quietude e violencia extrema, e aproveitando o potencial (do que poucos fan uso) do son. **Takeshi Kitano** reinterpreta o xénero de samurais, usando os efectos dixitais como ferramenta para aumentar a espectacularidade, sen caer no efectismo ou o ridículo. Conta unha historia fascinante de forma sobria, intelixente e entretida. Respectando ós clásicos, á vez que introduce o sentido do humor, e incluso uns inesperados números musicais.

Actualmente **Takeshi Kitano** participa constantemente en televisión, tendo un canal propio na plataforma dixital nipona onde se emitiu un «telegrama» de éxito sobre a súa vida; ademais de escribir regularmente en periódicos e revistas e ter publicados varios libros, sinte que se converteu en dous personaxes ben distintos: un portas para dentro, en Xapón, outro no resto do mundo, sobre todo en Europa.

Cando viaxo a Europa recíbenme como director de cine. No meu país, en cambio, case ninguén me toma en serio como cineasta.

Mentres, o seu cine, continúa sorprendendo e fascinando a partes iguais, as súas películas buscan ante todo transmitir ó espectador sensacións enérxicas e extremas, e provocar a súa máxima implicación ante unha obra honesta e humilde en formulacións pero –e quizais por eso mesmo– riquísima en acertos.



GRUPO DE APOIO DE AMIGOS DO CORAZÓN DE FERROL E COMARCA

AMICOR



O ATENEO DE FERROL E O CLUB EUROSAÚDE ALCANZARON UN ACORDO PARA DESENVOLVER O GRUPO AMICOR. TODOS OS ÚLTIMOS XOVES DE CADA MES, ORGANIZARANSE NO ATENEO, ÁS 19 HORAS, REUNIÓNS RELACIONADAS CO GRUPO E IMPARTIRANSE CONFERENCIAS SOBRE TEMAS DE PREVENCIÓN CARDIOVASCULAR.

FERROL, 26 DE FEBREIRO 2004

OBXECTIVOS:

- Información e axuda para a rehabilitación, readaptación á sociedade e mellora da calidade de vida dos seus asociados.
- Promoción de estudios sobre o colectivo asociado.
- Cooperación con outras Asociacións, fundacións e institucións públicas ou privadas, relacionadas coa cardioloxía.
- Campañas de sensibilización da opinión pública sobre os pacientes coronarios.
- Participación na loita contra as cardiopatías.
- Estudios sobre a incidencia en Galicia das patoloxías cardíacas.
- Colaboración con cardiólogos, psiquiatras, psicólogos, fisioterapeutas, asistentes sociais e enfermería cuxo labor se relaciona coa cardioloxía
- Edición e/ou distribución de publicacións e material informativo.

PASOS A SEGUIR:

CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE APOIO AMICOR
- Primeira semana de Febreiro 2004

PRESENTACIÓN OFICIAL. ACTO PÚBLICO
- Última semana de Febreiro 2004

BOLETÍN Nº CERO «CORAZÓN SALUDABLE»
- Presentación no primeiro semestre do ano 2004

PROGRAMAS DE PREVENCIÓN CARDIOVASCULAR DIRIXIDOS Á POBOACIÓN
- Inicio: Primeiro trimestre do ano 2004

PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUADA DE PREVENCIÓN CARDIOVASCULAR DIRIXIDA A PROFESIONAIS DA SAÚDE
- Inicio: Primeiro trimestre do ano 2004

CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DO CORAZÓN E DA SEMANA DO CORAZÓN
- Setembro do ano 2004

PÁXINA WEB DEDICADA Ó GRUPO DE APOIO AMICOR
- Coincidindo coa presentación oficial do proxecto.

PROGRAMA DE PREVENCIÓN CARDIOVASCULAR DIRIXIDO Á MULLER

Os expertos coinciden en que a obesidade, a tensión, a hipertensión, o colesterol e a falta de exercicio, son os principais factores de risco cardiovascular na poboación feminina. Por este motivo, as actividades do PROGRAMA COMUNITARIO DE PREVENCIÓN CARDIOVASCULAR concentraranse en promover os estilos de vida san para a muller e os seus familiares.

MÓDULO DE PREVENCIÓN CARDIOVASCULAR:

- Promoción da saúde e a muller.
- Muller e actividade física.
- Dieta saudable. A cociña do bo colesterol.
- Tabaquismo e muller. Programa de deshabituación.
- Como reducir a tensión na muller
- Prepara un plan para manter o corazón saudable
- Información para amigas do corazón en foro da páxina web do club eurosaúde:

http: www.ferrol.to

«...a obesidade, a tensión, a hipertensión, o colesterol e a falta de exercicio, son os principais factores de risco cardiovascular...»



- 1963 Rosalía de Castro (1837-1885)
- 1964 Alfonso R. Castelao (1886-1950)
- 1965 Eduardo Pondal (1835-1917)
- 1966 Francisco Añón (1812-1878)
- 1967 Curros Enríquez (1851-1908)
- 1968 Florentino Cuevillas (1886-1958)
- 1969 Noriega Varela (1869-1947)
- 1970 Marcial Valladares (1821-1903)
- 1971 López Abente (1878-1963)
- 1972 Lamas Carvajal (1849-1906)
- 1973 Arcebispo Lago (1865-1925)
- 1974 Vicente Viqueira (1886-1924)
- 1975 Xoán M. Pintos (1811-1876)
- 1976 Ramón Cabanillas (1876-1959)
- 1977 Antón Vilar Ponte (1881-1936)
- 1978 López Ferreiro (1837-1910)
- 1979 Manuel Antonio (1900-1930)
- 1980 Alfonso X O Sabio (1221-1284)
- 1981 Vicente M. Risco (1884-1963)
- 1982 Amado Carballo (1901-1927)
- 1983 Leiras Pulpeiro (1854-1912)
- 1984 Cotarelo Valledor (1879-1950)
- 1985 Losada Diéguez (1884-1929)
- 1986 Iglesia Alvariño (1909-
- 1987 Herrera Garrido (1869-1950)
- 1988 Otero Pedrayo (1888-1976)
- 1989 Celso Emilio Ferreiro (1912-1979)
- 1990 Luis Pimentel (1895-1958)
- 1991 Álvaro Cunqueiro (1911-1981)
- 1992 Fermín Bouza Brey (1901-1973)
- 1993 Eduardo Blanco Amor (1897-1979)
- 1994 Luis Seoane (1910-1979)
- 1995 Rafael Dieste (1899-1981)
- 1996 Ferro Couselo (1906-1975)
- 1997 Ánxel Fole (1903-1986)
- 1998 Martín Códax, Mendinho, Johan de Cangas
- 1999 Blanco Torres (1891-1936)
- 2000 Manuel Murguía (1833-1923)
- 2001 Eladio Rodríguez (1864-
- 2002 Frei Martín Sarmiento (1695-1772)
- 2003 Avilés de Taramancos (1935-1992)

41 ANOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

«OS SEÑORES DA PALABRA»

17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

2004

Xaquín Lorenzo Fernández «Xocas»

(1907-1989)



O 20 de marzo de 1963, tres membros da Real Academia Galega presentaron unha proposta histórica: Que se declarase o día 17 de maio de cada ano «Día das Letra Galegas» como data para «recolle-lo latexo material da actividade intelectual galega».

Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego, expuñan que «con motivo de se celebrar aquel ano o centenario da publicación dos CANTARES GALLEGOS de Rosalía de Castro», a Academia debería consagrar, con carácter de perdurable, o simbolismo da data nunha celebración anual.

Estimaban que o libro rosaliano editado en 1863 «foi a primeira obra mestra coa que contou a literatura galega contemporánea» e que «a súa aparición veu a lle dar prestixio universal á nosa fala como instrumento de creación literaria», concluíndo que representa «un fito decisivo na historia da renacencia cultural de Galicia».

Propúñase o día 17 de maio, ó ignorarse a data da publicación do libro, por ser nese día cando Rosalía de Castro llo dedicou ó tamén poeta Fernán Caballero.

Máis dun cuarto de século despois, celebrados días e días das letras galegas, normalizada ou en camiño de normalizarse a situación cultural do noso Pais, é bo momento para facer un «suma e sigue», un reconto dos persoeiros, dos «SEÑORES DA PALABRA», para deixar constancia da honra que merecen estes galegos sobranceiros, ós que ata agora se dedicou o Día das Letras Galegas.

Terminamos coas palabras de Francisco Fernández del Riego (da Real Academia Galega), que lembra aquel momento histórico: «Fixen un escrito que asinaron comigo don Manuel Gómez Román e don Xesús Ferro Couselo, e sometémolo á aprobación da Real Academia Galega. A Academia aprobouno por unanimidade, e cursou a pretensión á autoridade competente.

E naquel momento foi instituída como festa anual do Día das Letra Galegas o 17 de maio.

AS MULLERES DE EUROPA EN MARCHA POR UNHA CARTA MUNDIAL DAS MULLERES PARA A HUMANIDADE



A Marcha Mundial representa a vontade firme que temos as mulleres para cambiar o mundo. Queremos acabar coa pobreza e a violencia. Temos solucións e alternativas para construír outro mundo. Desde os cinco continentes as mulleres unímosnos para marchar baixo 17 puntos dunha plataforma reivindicativa común. Agora seguimos marchando, traballando nunha Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade, un manifesto global onde se recollan as alternativas feministas para que outro mundo sexa posible.

PROGRAMA DA MOBILIZACIÓN EUROPEA DAS MULLERES

SÁBADO 22 DE MAIO

FEIRA FEMINISTA:
[zona portuaria]

De 10:00 a 22:00hs
INAUGURACIÓN DA FEIRA FEMINISTA

ABERTURA DOS OITO ESPAZOS DA FEIRA:

Violencia

Feminización da pobreza e dereitos laborais

Ecoloxía

Inmigración

Educación para a Igualdade

Liberdades sexuais

Saúde e Dereitos Reproductivos

Antimilitarismo

FÓRUM FEMINISTA
[Centro Cultural e Centro Social Caixa Nova]

De 09:00 a 10:15 hs:
ABERTURA E ENTREGA DE CREDENCIAIS.

De 10:30 a 13:30 hs:
«A SUSTENTABILIDADE ECOLÓXICA: ALTERNATIVAS FEMINISTAS»

De 10:30 a 13:30 hs:
«MULLERES E ESPIRITUALIDADE, CORPOREIDADE E RESISTENCIA»

De 16:00 a 20:00 hs:
«CONTRIBUCIÓNS FEMINISTAS NA ORIXE E DESENVOLVEMENTO DUNHA CONSTITUCIÓN EUROPEA»

CONCERTO
[Parque de Castrelos] De 22:00 a 02:00 hs

DOMINGO 23 DE MAIO:

MANIFESTACIÓN ás 12:00 hs

Gran manifestación europea por unha Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade



«Desde os cinco continentes as mulleres unímosnos para marchar baixo 17 puntos dunha plataforma reivindicativa común.»



JULIO CORTÁZAR

(Bruselas, 1914 - París, 1984)

20 ANOS SEN CORTÁZAR

Julio
2004 Cortázar
Año Internacional



«De la Argentina se alejó un escritor para quien la realidad, como lo imaginaba Mallarmé, debía culminar en un libro; en París nació un hombre para quien los libros deberán culminar en la realidad. Ese proceso comportó muchas batallas, derrotas, traiciones y logros parciales. Empecé por tener conciencia de mi prójimo, en un plano sentimental y por decirlo así antropológico; un día desperté en Francia a la evidencia abominable de la guerra de Argelia... El triunfo de la revolución cubana, los primeros años del gobierno, no fueron ya una mera satisfacción histórica o política; de pronto sentí otra cosa, una encarnación de la causa del hombre como por fin había llegado a concebirla y desearla. Comprendí que el socialismo, que hasta entonces me había parecido una corriente histórica aceptable e incluso necesaria, era la única corriente de los tiempos modernos que se basaba en el hecho humano esencial, en el ethos tan elemental como ignorado por las sociedades en que me tocaba vivir, en el simple, inconcebiblemente difícil y simple principio de que la humanidad empezará verdaderamente a merecer su nombre el día en que haya cesado la explotación del hombre por el hombre.» Julio Cortázar, 1967

«Nada está perdido si se tiene el valor de proclamar que todo está perdido y hay que empezar de nuevo»

Julio Cortázar

Julio Cortázar

Escritor arxentino. Aínda que nado en Bruxelas, ós catro anos, a súa familia fixou a súa residencia en Arxentina e alí estudiou a súa carreira de Letras. Durante varios anos traballou en varios pobos de Arxentina como mestre de escola, en Bolívar e Chivilcoy, e como profesor de Literatura Francesa na Universidade de Cuyo. En 1951 trasládase a París, onde desempeña o posto de tradutor na UNESCO e alí permanecerá até os seus últimos días. Esta afastamento de América e a súa influencia da literatura francesa fará que na obra de Cortázar se distinga tanto unha xusta análise do americano como unha proxección universal.

A súa creación literaria comeza cun volume de poemas *Presencia*, que o escritor non quixo firmar e apareceu co pseudónimo de Julio Denis, e con *Los Reyes*, poema acerca do mito do Minotauro de Creta en versión dramática. En 1951 leva a cabo unha recompilación de contos *Bestiario*, título que alude ás obras medievais de monstros, e que foi a súa primeira irrupción na literatura fantástica. De feito, dentro deste xénero de relatos curtos, a súa capacidade creativa fixo que escribira obras extraordinarias como a novela corta *El perseguidor*, incluída dentro de *Las armas secretas* e onde se expresa a súa paixón polo jazz e os problemas propios da xuventude. Outros contos son *Final del juego*, historias de cronopios e de famas, caricaturas da vida moderna, con certa ironía e na que xoga coa arbitrariedade (representada polos cronopios) e a orde (das famas); e *Todos los fuegos del fuego*. Os contos de Cortázar superan ás súas novelas.

O realismo do autor caracterízase pola súa forma de contar o fantástico, conseguindo que pareza verosímil. A súa fantasía rompe coa razón e pon en dúbida as cuestións da lóxica da sociedade. O fantástico nace da vida cotiá. Cortázar é un dos renovadores da narrativa hispanoamericana contemporánea. A súa literatura rompe co convencional a través de innovacións técnicas e intrépidas formas; exemplo diso é a súa novela de 1963, *Rayuela*, ambientada en Bos Aires e París, e con capítulos realizados con recortes de periódicos e «collage»; a súa estrutura admite varias formas de lectura. Nela Cortázar fai uso da ironía, do humor e dos xogos de palabras. Consta de tres partes: «Del lado de allá» (vida bohemia do protagonista en París), «Del lado de Acá» (en Bos Aires) e «De otros lados» (cun novo personaxe que fai que o lector participe co autor da novela). Igualmente, en *Libro de Manuel*, de compromiso social, o escritor volve a usar o collage, a experimentación e as distorsións sintácticas e léxicas.

Nos seus textos, pódese observar influencia doutros escritores hispanoamericanos como Borges o Macedonio Fernández e europeos como Joyce, Kafka o Camus. Libros nos que se fusionan as formas de distintos xéneros e ensaios son *La vuelta al día en ochenta mundos*, *Último round*, *Un tal Lucas*, *Nicaragua tan violentamente dulce*, etc. Outras novelas destacadas e que foron publicadas en 1986, trala súa morte (dun ataque ó corazón en 1984), son *Divertimento* e *El examen*.






«Incorpóranse á antiga sede 758,19 m^2... que permiten desenvolver con maior facilidade e comodidade as actividades realizadas pola sociedade...»

Un espacio de unión e de encontro, un espazo distribuidor e ordenador de estancias, integrador, unha transición entre os dous edificios resolta con vacíos e elementos de comunicación como escaleiras e ascensores e unha suave rampa que serve ademais para salva-la diferenza de cotas entre un edificio e outro.

Consérvase a distribución de espazos da antiga sede, destinada a despachos, salas de exposicións e salón de actos e destínase o novo edificio a locais para o desenvolvemento de diversas actividades.

A última planta unifícase para acollela biblioteca e unha sala de lectura dando resposta á crecente necesidade dun espazo maior para o desenvolvemento destas actividades.




Planta da biblioteca

A fachada constitúe un dos elementos máis importantes da actuación exterior. Conservando a fachada da antiga Sede restaurada nos anos 80, interesa mostra-la cara do novo edificio sen postizos de ningún tipo, apostando pola sobriedade do conxunto e enfatizando o seu sentido unitario.

Dous edificios e un obxectivo.

Incorpóranse á antiga sede 758,19 m^2 distribuídos entre o vestíbulo, cafetería, aulas, biblioteca, sala de lectura, baños e circulacións, que permiten desenvolver con maior facilidade e comodidade as actividades realizadas pola sociedade e cun orzamento que ascende á cifra de un millón sesenta e oito mil catrocentos tres euros (1.068.403,00 euros). O estudo Alcalá Arquitecturas é o encargado da realización do proxecto, encabezado polo arquitecto Alfredo Alcalá, conta cun equipo constituído por profesionais novos da arquitectura como os arquitectos Sergio Beceiro e Victoria Alonso e o arquitecto técnico Santiago Bores.



Planta de acceso

LEMBRANZAS DE... RICARDO PENA

En Ferrol había dous grandes hoteis: *El Suízo* e *El Ideal Room*. Deste último lembro saír os toureiros cos seus traxes de luces para inaugurar a praza de touros instalada onde hoxe está a Praza de Sevilla, en Recemil. Esta praza fíxose de madeira, aproveitando unha parte da muralla antiga, hoxe desaparecida sen unha soa mostra para que os futuros ferroláns coñeceran o Baluarte que defendía a cidade. Este espectáculo formaba parte das festas de agosto; e foi tal a novidade que acudía a xente de toda a comarca: a pé, en lancha ou en tranvía.

Non lembro a data deste acontecemento, pero o que podo dicir é que foi na República. E lembro tamén que os mozos, axudados polos maiores saltabamos a valla para ver os touros.


Naquel tempo había por aquí un andaluz alcumado *Salaílla* que coa súa cesta de vimbio percorría as rúas da cidade vendendo «améndoas garapiñadas». Este home era moi baixiño, mais simpático e *saleroso*; e si de algo presumía era de ser un grande lidador de *novillos*. E mira por onde se lle presentou a ocasión de demostrar a súa arte. Para poñer punto final a esta festa taurina organizouse unha «charlotada» na que actuaría como invitado o famoso andaluz. Aquel día abarrotouse a praza; unha porque para os rapaces era gratis, e outra por que aparecía nos carteis unha gran figura: *Salaílla*.

Empeza a festa coa actuación duns profesionais que, disfrazados de pallasos empezaron facendo piruetas cos becerros que a toda a praza facían rir e aplaudir. Mais de momento salta á arena o *Salaílla*. Plántase diante dun becerro e, cun impecable estilo taurino lanza o primeiro *capotazo* ó touro, e ben; mais ó intentar o segundo, o tenro becerro lle deu un cabezazo que a pouco máis o bota fóra da praza. E sen pensalo máis o andaluz, bótase a correr, métese nun burladeiro e non saíu de alí ata que terminou a festa.

Botando unha ollada ó libro de Anxo Franco e Guillermo Escrigas «Memoria do Comercio Ferrolán», invadiu a miña mente a lembranza do Ferrol que eu coñecín de neno e que naturalmente non se parece á de hoxe. Eu non son dos que opinan que os tempos pasados foron mellores que os de agora; mais si, podo dicir que cambiaría algunhas cousas en estética, comodidade, educación e un longo etc. Nunha das páxinas do referido libro, aparece o famoso Ramón «Topacho». Este pobre paria era un rapaz triste, taciturno, non se metía con ninguén e todos se metían con el. Metíanse e aproveitábanse, como neste caso o famoso ultramarinos que seguramente por ese «gracioso anuncio» lle pagou ó pobre Ramón cun vaso de viño.

Outro dos personaxes célebres era «Maruja Racú», esta solitaria moza vivía dunha profesión que desapareceu: mandadeira. Pero as mozas

«Outro dos personaxes célebres era «Maruja Racú», esta solitaria moza vivía dunha profesión que desapareceu: *mandadeira*».


Calle Adán y Eva (Esteiro)





Calle Espoz y Mina (Esteiro)

tíñanlle medo, porque se apañaba a unha bicándose cun rapaz a desafiaba dicíndolle: «direillo a túa nai».

É indiscutible que hoxe o coche é indispensable, porque en realidade a maior parte do tempo utilízase como ferramenta de traballo. Pero que gusto da ver esas fotos antigas de Ferrol coas súas rúas libres de coches e con tanto espacio para aparcar. Pero o que tamén me gustaría é que se houbesen conservado aquelas balconadas de ferro forxado pintadas de diferentes cores e sostidas por artísticas ménsulas de pedra granítica arrincada das entrañas da nosa terra. Pero temos que recoñecer, e con certa tristeza que en Ferrol pensouse máis en **renovar** que en **conservar**.

A miña última exposición no Casino, foi como unha homenaxe ás antigas rúas do desaparecido Esteiro, rúas que, tiven a sorte de ter pintado en acuarela antes de que chegase a voraz escavadora. E nesta exposición, achegouse a min un señor, aproximadamente da miña idade, e díxome: «Pero como permitiron vostedes que derrubaran todo isto?, eu viaxei moito por Europa, e en todas partes se conserva o antigo cun respecto venerable» . Eu non souben que contestar, pero no meu interior pensaba: (Xa o sei home xa o sei, pero xa que empezou a festa, déixaa seguir). Na República, a rúa real chamábase «Calle de Sinforiano López» e a da Terra se chamou «Calle Castañar», porque segundo un mapa antigo houbo naquela zona un gran souto, do cal quedounos a mostra dun fermoso carballo que podemos ver nesta mesma rúa, no lugar que ocupou un antigo serradoiro.

«¿Onde van aquelas pedras graníticas arrincadas das nosas canteiras e que soportaron durante tantos anos ó pisar das nosas xentes?»




Calle de San Pedro (Esteiro)

Tamén a rúa da Igrexa se chamou «Calle Sagasta», e a rúa Magdalena «Calle Canalexas», en honor a este ferrolán asasinado por un anarquista. (Sempre houbo fillos de María de Magdalá). E se non lembro mal, Fernando Villaamil era a situada entre Praza do Callao (esquina Cafés Amador) e Rúa do Sol.

E continuando de rúas.

Cando agora paso pola rúa Real e me fixo nese pavimento moderno que a cobre e que case constantemente ten que ser reparado, digo eu: ¿Onde van aquelas pedras graníticas arrincadas das nosas canteiras e que soportaron durante tantos anos ó pisar das nosas xentes? É certo que os esquinais daquelas canterías deformadas a causa dos carros de roda de aceiro e as ferraduras dos cabalos que carretaban aqueles enormes toneis de viño para os almacéns de Mateo, Pita Romero, e outros máis, eran moi molestos para as señoras. Pero por qué non se repararon ó igual que se fixo na rúa Galiano e rúa do Carme. Estas si que non fará falta reparalas ate o século XXII. Sei que hai cousas que non se poden recuperar, pero gustaríame que, aproveitando a reforma da Praza de España, se pensara en colocar nesta praza a figura de Concepción Arenal, e que á entrada da rúa Galiano se colocara a «Porta Nova», tal como estivo no seu día. ❀



Calle Sansebastián (Esteiro)



O **«CONSTANTINO BELLÓN»**, é unha plataforma, creada polo Ateneo Ferrolán, para servir de canle de expresión e presentación de novas pezas de autores e axudar a manter e potencia-la música tradicional de gaita galega.

O **«CONSTANTINO BELLÓN»** é un concurso de composición e interpretación de gaita que pretende mante-lo xeito de toca-la gaita galega con técnica e xiros propiamente galegos.

O **«CONSTANTINO BELLÓN»** pretende recolle-la máis pura tradición gaiteiril e manter, ó longo dos anos, un lugar de encontro e intercambio para tódolos gaiteiros galegos.

Ó chamarlle **«CONSTANTINO BELLÓN»**, aquel grande mestre gaiteiro, quixemos render unha pequena homenaxe a todos aqueles que, a través dos tempos e camiños cheos de atrancos, souberon manter vivo o son da nosa cultura ata os nosos días.

O **ATENEO FERROLÁN**, quere expresa-lo seu agradecemento a aquelas entidades e institucións que participan coa súa colaboración e apoio económico; a viúva de Luís Seoane, pola súa autorización para a utilización do seu debuxo, como logotipo do concurso; e como non, a tódolos gaiteiros e persoas que veñen colaborando na elaboración e organización do concurso de gaita galega **«CONSTANTINO BELLÓN»**.

XIVº CONCURSO DE GAITA GALEGA «CONSTANTINO BELLÓN»

BASES

1

Poderán tomar parte tódolos gaiteiros que o desexen. As gaitas poderán ser grileiras, redondas ou tumbais. A interpretación será sen acompañamento.

2.- REQUISITOS:

2.1) Os concursantes deberán enviar ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202. Ferrol) unha cinta de audio ou CD gravado coa peza **«UN XABARÍN PERDIDO», de Xesús Vaamonde Manteiga**, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.

2.2) A partitura orixinal dunha peza inédita composta expresamente para este Concurso e unha copia da partitura da peza tradicional ou de autor.

3.- PLICAS.

3.1) Os concursantes deberán envia-la cinta gravada de audio ou CD nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Este sobre deberá incluírse noutro, co mesmo pseudónimo no exterior e acompañado da seguinte documentación: partituras -orixinal e tradicional-, así como os seus datos persoais: nome, apelidos, enderezo e teléfono.

3.2) A non cumprimentación dos anteriores requisitos é excluínte da selección para o concurso.

4

As partituras ficarán en propiedade do Ateneo Ferrolán.

5**

Co obxectivo de promociona-la participación da Galicia do exterior créase un apartado específico, dirixido ós gaiteiros das comunidades galegas da emigración, chamado **«Gaiteiro de Soutelo»**.

6

Na final actuarán, como máximo, un total de catorce gaiteiros repartidos do seguinte xeito:

* Dez finalistas seleccionados polas gravacións presentadas directamente ó Ateneo Ferrolán, tal e como se contempla nestas Bases.
* Catro finalistas seleccionados segundo se especifica no Premio «Gaiteiro de Soutelo».

Tódolos finalistas vestirán obrigatoriamente o traxe tradicional galego, o cal se terá en conta por parte do Xurado.

7

A interpretación no Concurso constará de :

7.1) Unha peza inédita, creada expresamente para a presente edición do Concurso **«Constantino Bellón»**, e máis da peza tradicional ou de autor.

7.2) A interpretación de ámbalas dúas pezas, no seu conxunto, non poderá supera-la duración de 5 minutos.

Tódolos finalistas recibirán unha peza de cerámica deseñada por Sargadelos, baseada nun óleo de Luís Seoane, cedido expresamente pola súa viúva Maruxa Seoane, para este concurso, e un Diploma acreditativo da súa participación no Concurso.

8

A dotación do Premio será de 1.800 euros con dous accésit de 600 euros.

9*

Concurso de composición para Gaita Galega Solista.

10

O Xurado cualificador valorará o emprego de xiros e técnicas propiamente galegos por parte dos finalistas e a súa decisión será inapelable.

11

Como remate do Concurso, os finalistas interpretarán conxuntamente a peza obrigatoria. Para iso, deberán traer unha gaita en DO, afinada a 440 Hz.

12

O Ateneo Ferrolán patrocinará unha gravación do Concurso coa edición do mesmo en formato de disco compacto.

13

O Prazo de inscrición remata o venres 9 de xullo do 2004.

14

A final terá lugar na cidade de Ferrol o día 31 de Agosto do 2004.

15

Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do Xurado. A participación no Concurso implica a total aceptación destas BASES.

*

Concurso de composición para Gaita Galega Solista, requisitos:

(Punto nº 9 do «Constantino Bellón)

9.1) Poderán tomar parte tódolos compositores que o desexen.
9.2) É obxecto deste concurso premia-la mellor partitura escrita para Gaita Galega Solista con ou sen orquestra ou conxunto instrumental.
9.3) A composición ten que ser inédita, non ter sido estreada, nin ter sido premiada anteriormente en ningún outro concurso, nin ter sido obxecto de ningún encargo previo. Terá unha duración mínima aprox. de 5 min. e máxima de 12 min.
9.4) Os traballos presentaranse manuscritos e en soporte informático, no enderezo do Ateneo Ferrolán.
9.5) Este traballo virá nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Neste sobre deberá incluírse outro co mesmo pseudónimo no exterior e cos seguintes datos persoais no interior: nome, apelidos, enderezo e teléfono.
9.6) O prazo de presentación das partituras rematará o día 25 de xuño de 2004.
9.7) A dotación do premio será de 1.200 euros.
9.8) O premio poderá ser declarado deserto.

**

«Gaiteiro de Soutelo»

(Punto nº 5 do «Constantino Bellón)

a.- Co gallo de promociona-la participación da Galicia do exterior no Concurso «Constantino Bellón», a Consellería da Emigración convoca o Premio ***«Gaiteiro de Soutelo».***
b.- Poderán participar tódolos gaiteiros dos centros galegos ou institucións da Galicia do Exterior.
c.- Os concursantes deberán enviar á Consellería da Emigración:
1) Unha cinta de audio ou CD gravado coa peza **«O XABARÍN PERDIDO», de Xesús Vaamonde Manteiga**, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
2) Partitura orixinal dunha peza de composición inédita, creada expresamente para este Premio, así como copia doutra tradicional ou de autor.
d.- PLICAS. Os concursantes enviarán a cinta de audio ou CD nun sobre pechado cun pseudónimo identificador. Conxuntamente, noutro sobre escrito por fóra co mesmo pseudónimo, deberán facer consta-los datos persoais do participante: nome e apelidos, enderezo, país de residencia e nome do centro ou institución galega pola cal se presenta. No mesmo deberán inclui-lo orixinal da partitura inédita presentada ó Premio ***«Gaiteiro de Soutelo»***, e maila copia da tradicional ou de autor.
e.- PRAZO. O prazo de presentación remata o venres 2 de xullo do 2004.
f.-PREMIOS. Os premios ***«Gaiteiro de Soutelo»*** consistirán na asistencia e participación, cos gastos de desprazamento e estadía pagados, ó concurso «Constantino Bellón», que organiza o Ateneo Ferrolán o 31 de agosto do 2004, na cidade de Ferrol (Galicia).

Haberá catro premios .

MENCIÓN DE GAITA GALEGA «CONSTANTINO BELLÓN»

O Ateneo Ferrolán, en liña coa súa defensa e promoción das artes, na súa faceta de música, coincidindo co Concurso de Gaita «Constantino Bellón», CREA unha mención honorífica, dirixida a aquelas persoas ou entidades que destacaron polo seu traballo a prol da música galega.

1.- A Mención de Gaita Galega «Constantino Bellón» consta de dúas modalidades, da mesma categoría: «Gaita de Ouro»dirixida á figura do gaiteiro, artesán, investigador ou persoa a nivel individual, e «Gaita de Prata» para colectivos ou entidades:
1) ***Gaita de Ouro «Constantino Bellón»***
2) ***Gaita de Prata «Constantino Bellón»***

2.- Este Premio outórgase tódolos anos, por parte do Ateneo Ferrolán, coincidindo coa celebración do Concurso de Gaita Galega «Constantino Bellón».


3.- Para o nomeamento de Mencións, o Ateneo Ferrolán solicitará do Xurado do Concurso de Gaita Galega «Constantino Bellón» a súa opinión que se reflectirá nunha terna de candidatos a valorar, quedando o nomeamento e concesión final baixo os criterios do Ateneo Ferrolán.

4.- A presente Mención será de carácter honorífico e non económico, non estando suxeita a ningún tipo de compromiso por ámbalas dúas partes, a non se-lo propio e moral que leva o recoñecemento público do labor efectuado polos galardoados.

MENCIÓNS CONCEDIDAS

Ano **1995**	*Gaita de Ouro*	Quinteto Tradicional «Raparigos»
	Gaita de Prata	Carlos Zaera Landeira (†)
Ano **1996**	*Gaita de Ouro*	Antón Corral, Universidade Popular de Vigo
	Gaita de Prata	Grupo Tradicional «Os Garceiras»
Ano **1997**	*Gaita de Ouro*	José Seivane Rivas, artesán
	Gaita de Prata	Grupo Tradicional «Os Rosales»
Ano **1998**	*Gaita de Ouro*	Emilio Corral Vázquez, gaiteiro
	Gaita de Prata	Real Coro «Toxos e Froles»
Ano **1999**	*Gaita de Ouro*	Juan Bello Mallou
	Gaita de Prata	«Os Montes»
Ano **2000**	*Gaita de Ouro*	Enrique Otero Covelo
	Gaita de Prata	Asociación Xuvenil «Xacarandaina»
Ano **2001**	*Gaita de Ouro*	Luciano Pérez Diaz
	Gaita de Prata	«Faiscas do xabre»
Ano **2002**	*Gaita de Ouro*	Xosé López Bao, artesán
	Gaita de Prata	Orfeón Terra Nosa
Ano **2003**	*Gaita de Ouro*	Rogelio Groba y Groba
	Gaita de Prata	Escola de Gaitas de Ortigueira
		Mención Especial a Xavier Garrote





ABRIL

Do 26 de marzo ó 14 de abril

Exposición:
Acuarelas de **MARIBEL GARROTE**

Día 2

Xuntanza:
SGHN
Ás 19 horas. Salón de Actos.

Día 14

Debate:
DÍA DA REPÚBLICA
Ás 20 horas. Salón de Actos.

Día 16

ASEMBLEA XERAL
Ás 18,30 horas. Salón de Actos.

Do 16 ó 28 de Abril

Exposición:
Tapices de **CONCHA VELASCO**

Do 17 e 18 de Abril

CURSO ACORDEÓN DIATÓNICO
Salón de Actos.

Organizado pola ESCOLA DA VACA
Sábado 17 – de 10 a 14 horas e de 16 a 20 horas
Domingo 18 – de 10 a 14 horas

Día 22

CLUB EUROSAÚDE
Ás 19 horas. Salón de Actos.



MAIO

Do 30 de Abril ó 12 de Maio

Exposición:
Óleos de
MARTA GONZÁLEZ MARTÍN

Do 14 ó 17 de Maio

Exposición:
Óleos de
Mª JESÚS CARRASCO MOHEDAS

Día 27

CLUB EUROSAÚDE
Ás 19 horas.
Salón de Actos

XUÑO

COMENZO DA XORNADA INTENSIVA

Día 4

Fallo do
XIV CERTAME FOTOGRÁFICO DE MEDIO AMBIENTE

e Inauguración da Exposición

Do 4 ó 30 de Xuño


Exposición das
50 FOTOGRAFÍAS SELECCIONADAS













Venres, 16 de ABRIL de 2004, ás 18.30 hrs.

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Benquerido socio/a:

Por medio da presente convocámoste á Asemblea Xeral Extraordinaria que se celebrará no Salón de Actos da nosa entidade, o venres día 16 de abril ás 18,30 horas en primeira convocatoria e ás 19,30 horas en segundo, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Adaptación dos ESTATUTOS á nova Lei de Asociacións
(LEY ORGÁNICA 1/2002 de 22 de marzo reguladora del Derecho de Asociación)

Venres, 16 de ABRIL de 2004, ás 18.45 hrs.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Benquerido socio/a:

Por medio da presente convocámoste á Asemblea Xeral Ordinaria que se celebrará no Salón de Actos da nosa entidade, o venres día 16 de abril ás 18,45 horas en primeira convocatoria e ás 19,45 horas en segundo, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Lectura e aprobación da Acta da Asemblea Xeral anterior.

2.- Informe de xestión.

3.- Informe económico.

4.- Rogos e preguntas

Sen máis e agardando a túa asistencia, recibe un cordial saúdo da Xunta Directiva,
en Ferrol, a 29 de marzo de 2004

Eliseo Zaera Ríos
PRESIDENTE

XIV CERTAME FOTOGRAFÍA

O ATENEO FERROLÁN, con motivo da celebración do DÍA MUNDIAL DE MEDIO AMBIENTE, organiza un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais, que se rexerá polas seguintes:

BASES

TEMA: Estará relacionado coa Ecoloxía nos seus diferentes aspectos (fauna, flora, paisaxe, agresións...). Non se aceptarán a concurso fotografías de pitiños, niños, nin ningunha imaxe que poda implicar sufrimento ou dano dun ser vivo. No caso de imaxes en cativerio, será necesario mencionar esa circunstancia.

PARTICIPANTES: Estará aberto a tódalas persoas interesadas no tema sexan afeccionadas ou profesionais da fotografía.

OBRAS: Cada participante poderá enviar un máximo de **TRES** fotografías, en Branco e Negro ou Cor, podendo acceder soamente a un dos Premios.

Non se admitirán fotografías publicadas ou premiadas noutros concursos. Tampouco se aceptarán collages, montaxes, fotografías pintadas nin manipuladas dixitalmente que alteren as imaxes máis alá do que se pode chegar a modificar mediante os procesos de fotografía tradicional.

Os participantes responsabilizaranse así mesmo de que non existan dereitos sobre as imaxes de terceiras persoas, así como de calquera reclamación que poda xurdir sobre as mesmas en canto se refire a dereitos de imaxe. Estes dereitos se estenderán a fotografías do autor que teñan unha grande similitude coas presentadas a concurso.

TAMAÑO: Tódalas fotografías presentadas non poderán exceder no seu lado maior de 40 cm., nin este poderá ser inferior a 24 cm. As fotografías deberán presentarse montadas sobre unha cartolina con dous tamaños únicos de 30 x 40 ou 40 x 50 cm.

PLICAS: Os participantes indicarán o pseudónimo do autor e o título da mesma no reverso da cartolina na que deberá montarse cada foto. No interior dun sobre pechado que leve o pseudónimo, figurarán os seus datos persoais: Nome, Apelidos, NIF, Enderezo, Teléfono, e-mail e Pseudónimo utilizado.

ENVÍOS: As fotografías se enviarán ó seguinte enderezo:

ATENEO FERROLÁN
Rúa Magdalena, 202-1º
CP 15402 · FERROL

A organización velará pola correcta conservación das obras presentadas. Ainda así, non se fai responsable de calquera desperfecto que de maneira involuntaria podan padece-las fotografías.

PRAZO: O prazo de admisión remata o venres 21 de maio de 2004.

XURADO : O Xurado estará formado por TRES persoas cualificadas no campo da fotografía. A secretaría recaerá nun representante do Ateneo. A decisión do Xurado será inapelable e darase a coñecer, o día 4 de xuño, no acto de inauguración da Exposición.

A organización terá o dereito de reprodución das fotografías premiadas, que poderán ser utilizadas libremente e sen compensación económica, con finalidades relacionadas co concurso de Fotografía de Natureza ou coas actividades do Ateneo Ferrolán que non conlevan ánimo de lucro. Para isto e para valorar a fidelidade das copias presentadas os gañadores deberán presenta-los orixinais antes de percibi-los respectivos premios. En caso de utilizar para a captación das fotografías medios dixitais remitirase o ficheiro en formato RAW e tamén o arquivo do que se obtivo a copia para realiza-las comprobacións necesarias.

PREMIOS:

1º) 900 euros
2º) 300 euros
3º) 150 euros

Se as obras presentadas non alcanzasen a calidade necesaria, a criterio do Xurado e por unanimidade, os premios poderán ser declarados desertos. Se con posterioridade á concesión dos premios se tivese coñecemento de anomalía ou incumprimento das Bases, procederase á revogación do mesmo, recorrendo a calquera forma adecuada dentro do ordenamento xurídico.

DE MEDIO AMBIENTE 2004

ENTREGA DE PREMIOS: Farase o día 4 de xuño no acto de inauguración da Exposición.

EXPOSICIÓNS: Coas fotografías seleccionadas farase unha primeira Exposición no Ateneo Ferrolán, dende o venres día 4 ata o día 30 de xuño. A Organización, facendo uso dos seus dereitos, realizará unha itinerancia da Mostra durante o resto do ano 2004. Dentro da itinerancia contémplase a súa mostra no Outono Fotográfico de Ourense. As fotografías seleccionadas para esta Mostra quedarán á disposición do Ateneo Ferrolán ata o día 31 de decembro.

DEVOLUCIÓNS: Devolveranse aquelas obras que veñan acompañadas dun sobre pre franqueado ou aquelas que sexan recollidas persoalmente no Ateneo Ferrolán, establecendo un prazo de 60 días a partir da clausura da Exposición. Transcorrido o mesmo entenderase que os autores renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.

OBSERVACIÓNS:
*A participación no Concurso implica a total aceptación destas Bases.
*Os casos non contemplados nestas BASES resolveranse polo Xurado.

AGRADECEMENTOS: A **Casa da Xuventude de Ourense**, por incluí-las fotos seleccionadas na súa Mostra, no conxunto de exposicións que compoñen tan prestixioso evento no mundo da imaxe.

CÓDIGO ÉTICO AEFONA



1 → O benestar do suxeito é sempre máis importante que a obtención da súa fotografía.

2 → Documéntate amplamente sobre a bioloxía e o comportamento das especies a fotografar, co fin de preve-las actuacións improcedentes. Adquiri-los coñecementos técnicos necesarios para abordar con seguridade a fotografía de seres vivos en cada situación que se presente.

3 → Solicita-los permisos necesarios ás autoridades competentes para fotografar especies e enclaves naturais protexidos pola lei, así como ós propietarios de terreos privados.

4 → Para fotografar fauna traballar preferentemente no campo con exemplares libres e salvaxes no seu medio natural, sen altera-lo seu normal comportamento e evitando as situacións delicadas como animais incubando ou con crías acabadas de nacer.

5 → Para fotografar flora traballar tamén no campo sen arranca-las especies protexidas.

6 → Evita-lo corte de ramas para camufla-los escondites ou hides que se empregan para a fotografía de fauna salvaxe (utilizar mellor redes de camuflaxe artificiais).

7 → Retornar ó seu lugar de orixe, sen dano algún e no prazo máis breve posible, aqueles especímenes de fauna e flora que foran tomados do campo para a súa fotografía en estudio, excluíndo desta subtracción a aquelas especies protexidas pola lei ou en perigo de extinción.


8 → Evitar manipular calquera elemento mineral de maneira que puidera alterarse irremediablemente a integridade dunha formación xeolóxica ou paleontolóxica.

9 → Pasar desapercibidos sempre durante o noso traballo de campo, non atraendo a atención do público ou dun depredador. Non revela-la localización de especies raras ou ameazadas, salvo a investigadores acreditados que contribúan á súa protección.

10 → Manter sempre limpo o lugar do noso traballo de campo.

11 → Informar ás autoridades de calquera infracción que observemos contra a natureza.

12 → Colaborar con outros compañeiros para mellora-las condicións de traballo na natureza, divulgando este código ético entre todos aqueles que o descoñezan.



AS PRAIAS DE FERROL

AS PRAIAS DE FERROL

por Irene Delgado

«As praias son un dos medios máis dinámicos da superficie terrestre, cambiando de forma continuamente».

A costa é o límite entre o mar (líquido), a atmosfera (gas) e a terra (sólido). O xogo entre os tres e o lamber das augas ó longo da historia, deu lugar a unha enorme diversidade de paisaxes litorais. Basta dar unha volta polas costas ferrolás para atopar acantilados, marismas, lagoas, enseadas, praias, etc. Cada ambiente ten as súas características que o fan único.

AS PRAIAS

Hai moitas formas de mirar unha praia (fauna, flora, calidade das augas) pero é dende o punto de vista xeolóxico e físico dende o que podemos responder á pregunta:

Qué é unha praia?

Unha praia é a suma entre dous ingredientes fundamentais: sedimento e marusía (Short, 1999). Alí onde existan areas e olas para movelas aparecerá unha praia. É deste modo como as praias se converten nun sistema internacional (están en todas as latitudes e con todos os climas). Co paso do tempo, observouse que en lugar de *praias* o correcto é tratar de *sistemas praieiros*, posto que existe unha relación indisoluble entre a praia e o seu entorno (as dunas e o vento, correntes, biota, outros sistemas praieiros).

Como se comportan as praias?

As praias son un dos medios máis dinámicos da superficie terrestre, cambiando de forma continuamente. O comportamento natural simplificado di que no verán a praia ten «máis area» e no inverno «menos» (erosionada por olas máis enerxéticas) (Sonu e van Beek, 1971). O sistema praieiro é un sistema en equilibrio. A interacción entre a duna (que cede area en inverno para alimentar á praia e ás posibles barras somerxidas) e a praia (que recibe area no verán, devolvendo parte á duna) é esencial no comportamento do sistema. É coma un animal que se autorregula. Así mesmo, debe existir un «balance» entre a area que entra e a que sae (o sedimento non sempre é o mesmo) para que unha praia sexa estable.

Porqué perdemos as praias?

Se o balance rompe, a praia se desequilibra e deixa de existir coma tal. A ruptura da ecuación (que pode ser natural ou artificial) é a clave para comprender o sistema, e axuda a analizar como as actuacións na Ría están prexudicando ás nosas praias.

SITUACIÓN DAS PRAIAS DE FERROL


Na Comarca de Ferrol hai moitos sistemas praieiros (o total anda arredor dos 44), algúns en moi bo estado, expostos a mar aberto, enerxéticos e con sistemas de dunas envexables (como Ponzos, Pantín, Santa Comba, Doniños, etc.). Forman parte dunha costa privilexiada polo seu baixo grao de impacto e pola súa relevancia ambiental, xa que engloba sistemas de praia-barreira- lagoa coma o de Doniños ou San Xurxo, moi importantes na costa galega.

É precisamente este grao de conservación o que acentúa a fraxilidade destas áreas, xa que calquera variación do contorno pode afectalas. De feito, unha das actuacións máis prexudiciais consistiría na estabilización das dunas (por medio de paseos marítimos, campos de golf, vexetación foránea, etc.), confinando a area e non permitindo o seu movemento natural. En inverno, cando a praia erosiona, a duna responde solidariamente «prestándolle» material e «axudándoa» a combater a marusía. Unha duna inmobilizada non pode aportar area,

MATERIAL QUE ENTRA	=	MATERIAL QUE SAE
dende ríos, co vento, dende as dunas ou pola erosión dos acantilados, dende o fondo mariño...		arrastrado pola marusía, correntes costeiras, correntes de marea, vento...

polo que a praia erosiona máis doadamente. Os campos de dunas forman dous sistemas praieiros e como tal hai que preservalos, modificándoos o mínimo e unicamente a favor do uso público e controlado.

Os sistemas praieiros do interior da Ría presentan características moi distintas debido á súa situación e ó elevado impacto que soportan. A ecuación do balance sedimentario (*o que entra = ó que sae*) rompe en canto superamos o «embude» (sinalado polos castelos da Palma e San Filipe). O ser humano mudou a fisionomía natural destes tramos de costa. As praias do interior son de baixa enerxía. A estreita boca da ría non deixa entrar marusía de fondo, sendo a forza principal a marea. Trátase dun lugar confinado, pechado en si mesmo e que, debido a actuacións hu-



manas, pechou aínda máis. Probablemente, nun inicio, as praias do interior se conectaban mediante correntes e formaban parte do mesmo sistema sedimentario, xunto con ríos e marismas. Na actualidade, o conxunto paralizouse (cambiou a dinámica natural das correntes) e compartimentalizouse. Por exemplo, as enseadas da Gándara, do Couto e en xeral toda a zona que confina a ponte das Pías (ou Punta Cabalo e o complexo de Astano), así como a eseada da Malata (confinada entre o porto comercial e o da Graña) son áreas «sumidoiro» ou de «colmatación de sedimentos». Isto é, as augas depositan areas e lodos que a forza da marea non é capaz de arrastrar cara ó exterior. Os recheos e as estructuras artificiais non só comeron superficie ó mar, senón que aceleraron o enlodamento. Se a isto engadimos que algunhas praias son artificiais ou sofren unha rexeneración artificial (A Graña, dos Curas, Caranza), outras son completamente urbanas (Mugardos) ou teñen estruturas próximas (a mesma praia de San Filipe), o resultado é unha ría con sistemas praieiros en proceso de desaparición.

No tocante ás praias máis externas, superviventes do desenvolvemento industrial do interior da ría, a paradoxal historia quixo que lles chegara tamén o seu momento. A construcción do porto exterior implica case todos os impactos nocivos que o ser humano realiza na costa:

- é unha construcción ríxida, que variará o sentido das correntes e da marusía
- é un recheo, que gaña terras lexítimas ó mar e soterra sedimento e biota
- supón unha enorme alteración do medio terrestre: o desmonte do cabo Prioriño aporta unha cantidade enorme de sedimento novo ó mar, xa que as choivas, vento e escorrenta transportan o material solto ás augas
- confina unha ría moi confinada (segundo GreenPeaceGalicia, o dique pecha o 60% da ría).

As pequenas praias da Canela e do Piero xacen soterradas baixo o porto exterior (non é que se desestabilizasen estes sistemas, é que xa non existen!) e as condicións para a praia de Cariño modificáronse por completo (pasa de ser unha praia relativamente exposta a estar ó abrigo dunha enorme construcción). O enorme recheo, o confinamento e aporte de material nun lugar superficial como a Ría, significa un probable impulso dos procesos de colmatación.

Ademais, o impacto das praias cara ó norte (Doniños, San Xurxo, ...) é unha cuestión a considerar e debater, xa que as correntes transportan as agresións a quilómetros de distancia.

En termos de dinámica sedimentaria, a única razón posible para entender a faraónica obra do porto exterior é que se teña a certeza de que as áreas internas perden calado co tempo e de que os portos non serán operativos nun futuro (a non ser que se drague e remova o fondo). Se é así, a solución parece contradictoria, xa que pasa por repetir o mal: pechar a Ría de Ferrol.

COMO AFECTOU O PRESTIGE ÁS PRAIAS??

As desastrosas consecuencias do vertemento do Prestige son amplamente coñecidas (o petróleo aniquila flora e fauna, introdúcese nas cadeas alimentaria, os seus compostos tóxicos permanecen durante décadas, ...). Pero, qué efectos tivo o vertemento na dinámica de praias.

Co petróleo, introdúcese un novo composto, totalmente descoñecido no sistema e que ten consecuencias no comportamento. A marusía xa non transporta o sedimento ó que está afeita, senón amalgamas de sedimento+chapapote. Dentro da ría, onde as condicións son de baixa enerxía, a amalgama se deposita sen opción a saír de novo. Nas praias externas, o chapapote esmaga a dinámica anterior e a interacción praia-duna desaparece. Os aportes dende as zonas somerxidas diminúen (soterrados polo chapapote) e a necesaria recollida do fuel da superficie supón unha retirada forzosa de desmesurados volumes de area, polo que a praia enfraquece.

Tras unha recuperación superficial do verán (na que o sabio mar depositou area sobre as capas de petróleo) chega o típico comportamento invernal: a area da praia erosiona e liberase ó medio o chapapote soterrado, que entra de novo no sistema.

DISCUSIÓN FINAL

As praias son *sistemas* directamente ligados co seu entorno. Son un recurso público e supoñen a protección natural da costa. Todas/os temos o dereito de gozalas e protexelas.

Países con medidas tradicionalmente «duras» no litoral (diques en Holanda e Xapón) evolucionaron cara á protección e rexeneración das praias (creando incluso praias novas na base de acantilados para frear o seu retroceso, diante de estradas, infraestructuras ...) e comprenderon que é mellor respectar o noso medio que combatelo. É preocupante observar como, coñecendo as nocivas consecuencias das obras ríxidas, con tantos exemplos ás costas (o mesmo interior da Ría de Ferrol), permitimos o luxo de esnaquizar un dos litorais máis fermosos e saudables do mundo.

Se en Australia gozan en exclusiva da Gran Barreira do Coral, e en Noruega e Nova Zelandia os fiordes forman parte indiscutible da paisaxe, a costa galega non se comprende sen as Rías, unhas formacións inexistentes no resto do mundo que lle dan ó noso litoral o título de *único*. Se as praias son internacionais, as Rías son Galegas.

¿QUÉ OCORRERÍA SE AS/OS AUSTRALIANAS/OS ESNAQUIZASEN A GRAN BARREIRA?

As praias son *sistemas* directamente ligados co seu entorno. Son un recurso público e supoñen a protección natural da costa. Todas/os temos o dereito de gozalas e protexelas.

O VIÑO

O VIÑO

por Tono da Graña

Magister Bachanalium da Beatífica Cofradía del Colmillo

Dedicado a ANDRÉS ROCA ROMALDE desaparecido o aciago 22-03-2003. *BELLUA INSATIABILIS* e fundador comigo do club gastronómico «BEATÍFICA COFRADÍA DEL COLMILLO» e que me permitiu a honra de ser o seu amigo.

Queridos ateneístas, hai uns anos empezamos a considerar dende o ATENEO a gastronomía como un elemento importante da cultura popular e, ¿como non? o viño, como soporte esencial dentro da mesma gastronomía.

Neste senso, e si a idea vos parece suxerinte, tentaría facer unha serie de artigos na revista ATENEA, nos que recollesen dende a historia do viño en España, pasando por denominacións da orixe (D.O.), distintos tipos de elaboracións ... para acabar cunha cata dirixida por un enólogo. Logo, en tempada, poderiamos estar a falar de fungos, máis adiante de queixos, licores, ... etc.

Feito o preámbulo, paso a tratar dese elemento que, quéirase ou non, supuxo un dos alicerces da nosa cultura, das relixións ou mesmo da propia economía.

Estoume a referir, naturalmente, ó VIÑO.

Pareceravos esaxerado, pero baste lembrar que para os etruscos o viño era moeda de cambio, ou que a orixe do Teatro se debe a representacións en honor a Dionisos (aí é nada ... xa se dispoñía dun deus exclusivamente para o viño).

E para que ninguén pense que isto queda para outras relixións baste recordar que ao propio Xesucristo non se lle ocorreu nada mellor para que o recordasen, que identificar o seu sangue co viño.

A propósito, o viño de misa (de común coa D.O. CARIÑENA) é excelente e moi axeitado para tomar en xaxún como aperitivo.

Mais, introduccións aparte, este artigo pretende condensar en poucas liñas a historia do viño sen pretender, nin moito menos, o seu consumo desmedido, nin sentar cátedra de ningún xeito.


HISTORIA

Na Península Ibérica a súa historia remóntase á nada desdeñosa cifra de 3000 anos. Son os gregos e os fenicios quen, entre os anos 1100 e 500 a.c. fundan factorías en toda a costa mediterránea. Por contra, o florecemento e desenvolvemento da industria débese ós romanos dende finais do século III a.c. ata finais do século I a.c.; que se estenden por toda a península.

Ata aquí todo ía perfectamente, se non fose que tras a batalla de Guadalete, na que os musulmáns



Rodrigo R. Ardá, Tono da Graña, Andrés Roca e Eliseo Zaera na cata dirixida no Ateneo (1995)



pasaron a dominar a Península. E, velaí, que como todo non o ían facer ben, e gracias ós preceptos do Corán, decidiron que aquí nin «dios» bebería viño e mandaron arrasar grandes extensións de viñedos. Menos mal (¡uf!) que os cristiáns necesitaban do viño para celebraren a misa, de tal xeito que, conforme os musulmáns avanzaban cara o sur, os monxes rodeaban ós mosteiros de novos viñedos.

Durante séculos, por conseguinte –e despois de que lle dese a chorona a Boabdil– vai manténdose a producción artesanal, ó tempo que se ía incrementando pouco a pouco.

Non obstante hai outra clave importante, digna de ter en conta cara ó rexurdimento do viño na Península. E non é outra que o asentamento de familias inglesas no noso país mediado o século XVIII.

¿Sóanlles apelidos como Duff, Garvey, Sandeman, Osborne, Burdon, Byas, ...?

Isto, ademais de ter aberto xa un novo mercado tras a conquista das Américas.

Non obstante non todo ía ser un camiño de rosas. Nesta ocasión os musulmáns chegan en clave de pragas: a FILOXERA e a CENIZA. Estas pragas destrúen a inmensa maioría das plantacións.

Mais ... sempre hai un roto para un descosido e, como consecuencia disto, aparece un elemento positivo que nos ía ir moi ben para o conto.

EXPLÍCOME

Como a Rioxa aínda non fora afectada e Francia si, os franceses deciden investir na comarca traendo con eles tecnoloxía moito máis avanzada da que tiñamos.

Téñase en conta que, até ese momento o viño no noso país, se elaboraba en maceración carbónica (hoxe en día, algunhas adegas están a facelo da mesma maneira con grande aceptación por parte do público) e en vasillas de barro e se conservaba en odres recubertos, interiormente, de brea.

En calquera caso, a praga tamén chega a afectar á Rioxa, polo que a necesidade obriga, no ano 1901, a importar cepas de América para enxertar o varietal VITIS VINÍFERA, o cal era sensible ó condenado pulgón.

Velaí que xa temos de volta as cepas que exportáramos ó Novo Mundo.


Para concluír con esta breve síntese dos avatares do viño no noso país, farei un salto –pequeno no tempo, pero de vital importancia– para subliñar o que supuxo a restauración da Democracia en España, por canto cesou o illamento e permitiunos, por tanto, acadar información do exterior en canto ás novas técnicas de colleita e elaboración. Isto, unido á necesidade de ter que ser competitivos cos viños estranxeiros, e o establecemento de normas para toda a UE, que obrigan a crear Consellos Reguladores de Denominacións da Orixe (D.O.) que recomendan que se fagan figurar nas contra etiquetas (verdadeiros DNI dos viños) as porcentaxes dos distintos varietais de que está composto cada caldo, ademais de indicar –segundo cores ou letras– se son: «crianzas», «reservas», «grandes reservas» ou «c.v.c» (conxunto de varias colleitas).

En Galicia, recoñecido polos propios productores, en D.O. como «Rías Baixas» o avanzo foi tan espectacular que en 1990 foi preciso cambiar toda a información de que se dispoñía en 1985.

O asunto daría, como é obvio, para encher moitas máis páxinas; mais sirva isto como anticipo –se interesa– e para ter unha lixeira idea das aventuras e desventuras dun dos mellores tesouros que temos hoxe en día.

Se resulta ameno o tema, prométovos seguir a falar del, aínda que non me paguedes cunha botella como a que se mercou nunha subhasta en U.S.A. o pasado mes de febreiro: D.O. «Ribera del Duero», prezo final 65.000 dólares USA.

«...a orixe do Teatro se debe a representacións en honor a Dionisos (ai é nada...xa se dispoñía dun deus exclusivamente para o viño)».



O SEGURO SOCIAL DE ENFERMIDADE E O ATENEO DE MADRID EN 1934



por Carlos Piñeiro Díaz
(médico)


O Ateneo de Madrid, o segundo ateneo máis antigo de Europa tras o de Londres, naceu en 1835 baixo os auspicios do duque de Rivas e Mesonero Romanos, xunto a un grupo de exiliados fernandinos movidos polo espírito humanista e romántico do século XIX, á busca do vello espírito do ágora de Atenas a través dun foro de debate permanente, navegando polas áreas do coñecemento literario, artístico e científico.


A presencia de médicos foi unha constante dende a fundación do Ateneo e durante as súas primeiras etapas mantivo unha prolífica actividade científica, con especial relevancia durante a etapa da II República Española sendo o reflexo da denominada Idade de Prata da ciencia española de principios do século XX, inicio do incipiente sistema científico español que máis tarde se vería truncado coa guerra civil.

«A presencia de médicos foi unha constante dende a fundación do Ateneo e durante as súas primeiras etapas mantivo unha prolífica actividade científica...»

Na *X Conferencia Internacional de Trabajo* aprobouse o texto de dous Convenios: un relativo ó Seguro de Enfermidade nos asalariados da industria e o comercio, dos traballadores a domicilio e dos domésticos, e outro referente ós asalariados da agricultura. España ratificou o 5 de abril de 1932 o Convenio de Xenebra de 1927 e as Cortes Constituíntes, por leis de 8 de abril de 1932 ratificaron os mencionados convenios, o que impoñía a implantación do Seguro de Enfermidade en España. A este obxecto, unha Orde ministerial de 10 de maio de 1932, firmada por Largo Caballero, encarga ó Instituto Nacional de Previsión que prepare un proxecto de Seguro de Enfermidade e outro de invalidez e morte e, ademais, o estudo para a unificación dos seguros sociais de invalidez, vellez, maternidade, enfermidade e morte e a súa coordinación cos Seguros de accidentes do traballo.

Ante as dubidas formuladas pola sociedade médica e a poboación polo Seguro Social de Enfermidade, o Ateneo de Madrid abordaba durante o curso de 1934 o tema de interese colectivo e social que máis preocupaba no momento, pois afectaría en España a uns 13 millóns de persoas, 5 millóns de obreiros activos para quen a enfermidade era un risco económico, cunha taxa de morbilidade (enfermidade) do 25% e con 27 días de media de días de enfermidade –o salarios perdidos de cinco pesetas por día– cunhas perdas de máis de 150 millóns de pesetas ó ano


Biblioteca do A



«En España, todo quedou interrompido no tempo como consecuencia dunha guerra...»

en salarios para o proletariado español polo risco de enfermidade, máis os gastos de médico e farmacia, sen contar as enfermidades por accidente do traballo nin os quebrantos económicos que traían os seus fogares as enfermidades das súas mulleres, dos seus fillos e dos seus pais anciáns, onde centenares de miles de familias víanse encamiñadas cara a miseria, tal como analizaba Severino Aznar nas conclusións.

Un Seguro de Enfermidade que adoptaría a modalidade universalmente coñecida, cunha orixe tripartita dos medios para desenvolvelo: unha achega do obreiro, unha achega do patrón e outra do Estado, coa finalidade de atender exclusivamente ás necesidades dunha clase social determinada, que lle permita a reparación do dano económico que a enfermidade pode carrear, a reparación do dano físico que a enfermidade ocasiona e a preservación da saúde por medio da anulación das causas da enfermidade ou a atenuación da acción destas causas. O fin do Seguro era garantir o dereito á vida do asegurado, conservar o seu nivel de vida e garantir o ben común, onde a medicina social adquire o seu papel relevante.

O descoñecemento da clase médica no asunto era maiúsculo e por iso, o presidente da Sección de Medicina do Ateneo José Sánchez Covisa, convoca ós maiores expertos da medicina social do país, tales como os doutores Joaquín Espinosa, Marcelino Pascua, Francisco Ruiz Morote, Antonio Osorio Bolaños, Piga, Torre Blanco e Gustavo Pittaluga.



eneo de Madrid

Os médicos invitados resaltaron nas súas disertacións sociais as necesidades reais da maioría da poboación, tales como as dificultades do obreiro que depende do seu salario para sobrevivir coa súa familia en caso de enfermidade, as reticencias iniciais dos médicos titulares a modificar o seu sistema de igualas e sobre as insuficiencias das Mutualidades, así como se aclarou que non era unha imposición do partido socialista pois a iniciativa nas leis do Seguro de Enfermidade fóra de España proviña de partidos políticos e tendencias sociais diversas e enfrontadas.


Vintetrés estados, como Alemaña, Austria, Bulgaria, Checoslovaquia, Chile, Estonia, Francia, Gran Bretaña, Grecia, Holanda, Hungría, Irlanda, Xapón, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Noruega, Polonia, Portugal, Romanía, Rusia, Iugoslavia e Dinamarca tiñan xa o Seguro de Enfermidade. Italia e Bélxica, tras redactar os seus proxectos de Lei, ceden ante a imposibilidade económica de levalos a cabo. As bases sociais do Convenio de Xenebra de 1927 desenvolvéronse noutros países para resolver inicialmente o problema da miseria que formulaba no fogar a enfermidade, a invalidez, o parto ou o accidente de traballo do que o sostiña. Perdía este o salario ou o soldo, e o Seguro Social tiña por obxecto darlle unha compensación polo que perdía ou, polo menos, asegurarlle unha pequena cantidade co que defenderse da miseria e garantirlle o seu dereito á vida. Máis tarde, evolucionarían nos seus conceptos destacando o carácter sanitario do Seguro e aparecería a Medicina Preventiva, abarcando ás clases máis numerosas: a hixiene, as vacinas e os análises preventivos, avanzando cara os Seguros Sociais Sanitarios.

* * *

En España, todo quedou interrompido no tempo como consecuencia dunha guerra e ata 1942 non se implantou o Seguro de Enfermidade.

* * *

O Ateneo de Madrid interrompeu as súas actividades científicas durante un período longo de tempo e o debate á busca do espírito do ágora de Atenas quedou adormecido durante longos anos. ⌘



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2004

A GRAN LABOR DE XAQUÍN LORENZO «XOCAS»

Se queres que o carro cante
como a gaita do gaiteiro,
ponlle o eixe de freixo
i as entortas de amieiro.

Popular

por Juan J. Burgoa

Como tódolos anos, o día 17 de Maio celébrase o Día das Letras Galegas, dedicado nesta ocasión ao ourensán Xaquín Lorenzo Fernández. Desde 1963, ano no que se cumpriu o primeiro centenario da publicación do libro «Cantares Gallegos» e se dedicou a Rosalía de Castro, esta festividade vense conmemorando de xeito continuado, normalmente dedicándoa a sobranceiros nomes no ámbito da literatura. Aínda que se oíron algunhas voces desconformes, é unha agradable sorpresa que nesta ocasión un estudioso da etnografía e da cultura popular como é Xaquín Lorenzo, coñecido familiarmente como Xocas, sexa o premiado, sen deixar de recoñecer os valores culturais e literarios dos outros candidatos nomeados, Lorenzo Varela, poeta radical e nómade, e Plácido Castro del Río, polifacético intelectual que destacou na traducción poética.


Ao principio do século XIX emerxeu o movemento cultural do romanticismo, nunha cíclica reacción contra o academicismo que imperaba na súa época, dirixindo a súa ollada cara ao pasado, pescudando nos eidos da vida, o traballo e a cultura popular, ao tempo que profundaba nas raíces dos nacionalismos. Sentáronse deste xeito as bases do que inicialmente bautizouse co nome de *folk-lore*, termo debido o año 1846 ao inglés William Thoms, co que se empezou a denominar o coñecemento do conxunto das tradicións, crenzas e costumes do pobo.



Xaquín Lorenzo Fernández «Xocas»


Nos anos seguintes creáronse diversas entidades para o estudio da nova disciplina, ata chegar á *Sociedad del Folklore Gallego*, fundada por Emilia Pardo Bazán no ano 1883. Estas asociacións foron promovidas por diversos investigadores, quizás cunha certa ideoloxía trasnoitada e un talante paternalista, aínda que fixeron un gran labor ao recoller e estudiar os usos e costumes conservados polas comunidades rurais ou polos considerados estratos baixos da sociedade. Profundizouse así ata chegar ao máis amplo concepto de etnografía como ciencia de descrición e estudo do pobo, na súa dobre vertente das manifestacións materiais e dos contidos culturais, elaborados dun xeito tradicional e anónimo.


En Galicia este proceso foi continuado polo Seminario de Estudios Galegos, a partir da súa creación nos anos vinte do pasado século. Os seus membros seguiron o proceso de reivindicación dos valores encerrados polas obras e traballos derivados da cultura e da arte popular, estudándoos dentro do que entón se denominou, xa de xeito diferenciado, como cultura material e cultura espiritual (o que hoxe se coñece como patrimonio material e patrimonio inmaterial ou intanxible), ámbalas dúas como facetas complementarias do patrimonio etnográfico.


Tamén, desde os primeiros momentos, os membros do Seminario de Estudios Galegos, dalgún xeito herdeiros do anterior grupo coñecido como Xeración Nós (sendo nalgúns casos os mes-














Debuxos de Artes de pesca dos ríos, de Xaquín Lorenzo Fernández. «Etnografía. Cultura material», en *Historia de Galiza* (dir. Otero Pedrayo, Ramón), Buenos Aires, 1962, vol. II.

mos integrantes), tiveron unha dedicación e un interese multidisciplinar polos problemas xerais de Galicia como identidade nacional, e Xaquín Lorenzo non foi unha excepción. Non obstante, co paso do tempo Xocas foi decantando a súa atención cara aos eidos específicos da etnografía e a da antropoloxía.

Xaquín Lorenzo Fernández naceu en Ourense no ano 1907 e no bacharelato foi alumno de Otero Pedrayo. Dedicado profesionalmente á docencia, foi profesor ata a súa xubilación no Instituto e no Colexio Cisneros de Ourense. Colaborador de López Cuevillas, dedicouse en principio á pescuda da prehistoria, escavando castros e mámoas. Cun estudio arredor do carro do país ingresou no Seminario de Estudios Galegos, sendo nomeado director do seu Museo Etnográfico no ano 1932, cando tiña vintecinco anos de idade.

Tras a Guerra Civil continuou cos seus traballos de lexicografía, arquitectura popular e arqueoloxía, colaborando e dirixindo escavacións en diferentes xacementos castrexos de Galicia. Ingresou como membro numerario na Real Academia Galega cun discurso sobre a casa galega. Foi Presidente do Museo de Pobo Galego desde a súa fundación en 1976 ata o seu pasamento en Facós, concello de Lobeira, co ano 1989.


No aspecto etnográfico, cun intenso labor de campo para a recollida de datos, publicou algúns libros que aínda hoxe son referentes inescusables no estudo dos usos e costumes populares da nosa terra. Así publicou *Os oficios*, onde o autor sistematiza modelicamente os traballos máis habituais en Galicia, relacionados co agro e co mar, xunto coas actividades artesás. Na mesma liña publicou *A mar e os ríos*, cunha descrición polo miúdo da pesca, das artes empregadas e das tarefas de conservación da mesma, *A casa*, onde fai un completo percorrido non só pola vivenda galega senón tamén polas construccións adxectivas e o mobiaxe, e *A terra*, coa que remata de xeito cumprido unha parcela tan fundamental da cultura material.

Nos seus numerosos percorridos por Galicia recolleu o material e a información para redactar o capítulo *Etnografía. Cultura Material* da monumental *Historia de Galicia*, dirixida por Otero Pedrayo e publicada por Edicións Nós en Bos Aires no ano 1962, constituíndo a súa completa e sistematizada achega de máis de 700 páxinas unha imprescindible referencia para o coñecemento do patrimonio popular e das manifestacións materiais do acervo cultural galego.

Sempre traballando cunha visión multidisciplinar dos temas etnográficos, Xocas publicou outras obras de gran interese como foron *Enredos*, un libro que recolle a súa paixón polos xogos e xoguetes populares e intenta salvar do esquecemento as diversións dos nenos do mundo rural galego, *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, *Refraneiro Galego* ou monografías como *A Nosa Señora do Viso* e *Vila de Calvos de Randin*, a derradeira xunto con López Cuevillas.

Súa meritoria habelencia para o debuxo, a fotografía e os coñecementos musicais, ensinados polo seu irmán Xurxo, e incluso a súa incursión no cine documental, deron un gran valor engadido ao seu traballo de campo. Ademais das devanditas publicacións foron numerosos os seus artigos e traballos en revistas especializadas sobre diferentes temas relativos á cultura, historia, arqueoloxía e arte de Galicia.

«Cun estudio arredor do carro do país ingresou no Seminario de Estudios Galegos, sendo nomeado director do seu Museo Etnográfico no ano 1932, cando tiña vintecinco anos de idade».



¿PARA CANDO UN NOME FERROLÁN?

A MODO DE DESACORDO

Nas corenta e dúas celebracións da efeméride das Días Galegas, homenaxeouse a unha serie de sobranceiros escritores en lingua galega, na súa meirande parte nacidos dentro da Comunidade, sendo soamente dúas as mulleres galardoadas: Rosalía de Castro e Francisca Herrera. Dos homes, tan só cinco deles non naceron en Galicia, casos de Alfonso X o rei Sabio, fillo de Toledo; o Pai Sarmiento, natural do Bierzo, aínda que de pais pontevedreses; Xohán Vicente Viqueira, nacido en Madrid, tamén de xeito accidental; Losada Diéguez, asturiano, da raia de Vegadeo; e Luís Seoane, natural de Bos Aires como fillo da emigración.

Facendo un percorrido polos dos autores nacidos en Galicia (incluíndo de xeito unitario os poetas medievais da mar de Vigo, Martín Códax, Mendinho e Xoán de Cangas) pódese observar un certo equilibrio territorial no reparto dos lugares de nacemento, lugares que tamén están moitas veces relacionados co marco xeográfico onde exerceron a súa variada actividade literaria ou cos temas que trataron na meirande parte das súas obras.

Deste xeito aparece no primeiro lugar a provincia da Coruña con once nomes premiados, seguindo as de Ourense e Pontevedra con dez e nove veces respectivamente e, no derradeiro lugar, a de Lugo con sete casos. Xa con referencia específica á provincia coruñesa poden rexistrarse tres nomes de naturais de Rianxo, dous de Santiago, un da propia capital e o resto repartidos polas vilas e pobos do termo provincial. Ningún nome da terra e da ría de Ferrol.

Hoxe, dentro da boa harmonía e do axeitado curso que veñen a ter as relacións entre as cidades de Mondoñedo e Ferrol, relación históricas por outra banda, varias asociacións e entidades culturais da nosa cidade están a apoiar a petición de concesión dun Día das Letras Galegas para a Escola Diocesana de Mondoñedo ou, de xeito máis específico, para o crego e poeta Crecente Vega, que foi párroco de San Xiao de Narón. Débese lembrar que xa recibiran tal galardón outros mindonienses como o mestre da fantasía Álvaro Cunqueiro, Leiras Pulpeiro e Noriega Varela, a máis de Aquilino Iglesia, nacido en Abadín pero mindoniense de adopción.


Ben está ese apoio da nosa cidade, pero cómpre dicir claramente que ata agora ningún autor nacido en Ferrol ou na ampla bisbarra circundante foi tido en conta para integrar esta nómina de autores galardoados. Coido que algúns nomes, que están na mente de todos, son merecedores desta distinción. Como simple suxestión pódense apuntar polo menos cinco deles, ordenados no tempo e sen que veña a significar preferencia algunha: Fernando Esquío, Alberto Camino, Emiliano Balás, Aurelio Ribalta e Carballo Calero.

Non debe esquecerse neste sentido, e non é unha mera casualidade, que Ferrol tamén foi o lugar de nacemento de destacados escritores na lingua castelá. Dous deles foron Premios Nacionais de Literatura, Torrente Ballester e José Luís Prado Nogueira, de quen por fin se lembrou o Concello ferrolán. É chegado o tempo que tamén as letras galegas premien a algún dos nosos paisanos.

«É chegado o tempo que tamén as letras galegas premien a algún dos nosos paisanos».

Polo tanto, dentro do meu respecto ao acordo maioritario de varias asociacións culturais ferroláns (algunhas delas: Ferrol Metrópoli, S.A.F ou Ateneo, me teñen como socio) no senso de apoiar a candidatura mindoniense, permítome disentir e non compartir esta opinión, pois coido que é de xustiza que a nosa cidade, que deu orixe a un bo número de personaxes sobranceiros e que foi inxustamente esquecida en moitas ocasións, reciba un galardón o Día das Letras Galegas. ⌘





XESTIÓN DA SABEDORÍA

XESTIÓN DA SABEDORÍA



por Xavier Alcalá

Repasando a historia de emigración galega, logo se pode facer unha rápida clasificación da perda humana que empobrece, envellece e dá cabo do Impaís: houbo emigrantes analfabetos, emigrantes escolarizados e emigrantes formados ata nivel universitario.

A perda de seres que aman a súa terra e sofren saudades dela non permite facer distingos desde o punto de vista persoal: ante iso todos son iguais. Pero si se podería facer desde o punto de vista social, pois cada sociedade inviste recursos económicos e humanos na formación dos seus membros. Hainos, por tanto, máis baratos ou máis caros, dependendo de canto se lles ensinase. Segundo esa liña de pensamento, na conta social das perdas por emigración tanto máis pesa un ausente canto maior sexa o coñecemento que leva consigo ao país que o recibe.

Vivimos un momento que os teóricos da economía e da socioloxía se empeñan en cualificar como o «da información» ou «do coñecemento», esquecendo que todas as sociedades, desde que os humanos se comezaron a organizar, basearon o seu funcionamento neses conceptos ao parecer modernos; ou, mellor dito, que o basearon na sabedoría.

Se cadra, cumpriría esclarecelos, para vermos que son vellos; e engadir o que ten de diferente o noso mundo actual a ese respecto.

Partindo das definicións, diremos que os datos son os elementos con que se constrúe a información; que a información posta en contexto dá lugar ao coñecemento; que o coñecemento xera máis coñecemento; e que ese coñecemento xunto coa experiencia conducen á sabedoría.

Canto ao que está a suceder nos nosos días, vese que o século XX nos deixou en herdanza as grandes ferramentas da informática e das telecomunicacións, converxentes na telemática que permite a transferencia de datos e información a grandes velocidades e a prezos baixos.

Velaí logo o porqué de etiquetarmos o presente histórico cos termos explicados. Neste noso mundo o que máis se valora é o coñecemento, e a técnica permite acadalo sen ter que viaxar. Non fai falta a presencia das persoas en determinados lugares para conseguiren as informacións que han pór en contexto; nin o encontro persoal entre quen posúe a sabedoría e que ha recibir o coñecemento...

Xoán Ramón Allegue, economista natural de Limodre (topónimo único en Galicia) e residente en Madrid desde que acabou a carreira, definiu «a xeración do bacharelato superior»: a dos galegos do «desarrollismo» franquista que emigraron masivamente á procura de formación «industrial» cando aquí non había facultades de Ciencias Económicas nin escolas de enxeñería superior. A súa taxa de retorno a Galicia foi pequena. Masivamente, os nosos compañeiros de xeración quedaron en Madrid, e menos –pero aínda de máis– en Barcelona e Bilbao.

Hoxe temos que falar das escolas para emigrantes en que se converteron os centros universitarios galegos onde se forman os nosos fillos; de onde saen con coñecementos que se van converter en sabedoría principalmente no burato negro madrileño. O sistema socioeconómico español non permitiu que Galicia aproveitase a formación dos seus rapaces (nin bachareis nin titulados superiores) para construír o coñecemento capaz de redimir a súa economía subvencionada.

E disto xorde logo un pensamento reivindicador: poderiamos falar do «coñecemento –ou mesmo da sabedoría– cesante», e da débeda moral que España ten con Galicia. A España rica débelle a Galicia non só os recursos económicos empregados na preparación do coñecemento dos emigrantes senón parte da riqueza xerada por ese coñecemento nos lugares de acollida dos cerebros emigrados (a descontar, se cadra, os recursos de formación ofrecidos gratuitamente en tales lugares). Por tanto, benvida sexa a subvención que procede de terras ricas.


E aínda fica outro pensamento para expor, antes de pecharmos capítulo de discusión: se houbese política de coñecemento no Impaís, a administración e as entidades con deber de «obra social» mirarían de aproveitaren a sabedoría galega que anda espallada polo mundo, e, sen ir máis lonxe, a que fai medrar o Monumento ao Centralismo. Volvendo á telemática, os medios de xestión do coñecemento están ao dispor das organizacións, e as distancias son pequenas para os medios de transporte.

¿Por que, logo, non facermos un esforzo de organización na captación e aplicación do que saben os que están fóra?

Se cadra non serían moitos os que volvesen, pero si unha grande porcentaxe deles estaría disposta a transferir sabedoría e teletraballar, aínda que só for pensando no retiro á patria de xubilados que os fixo seren como son. ♁

«...na conta social das perdas por emigración tanto máis pesa un ausente canto maior sexa o coñecemento que leva consigo ao país que o recibe».




25 ANOS SEN LUIS SEOANE (1910-1979)

LEMBRANZA NO ANIVERSARIO DA SÚA MORTE O 5 de abril de 1979


Loitador nos anos da República, fuxido en 1936, organizador e dignificador da vida cultural no exilio, viaxeiro polo mundo e atento ós múltiples discursos que ia xerando a súa época, Seoane foi testigo de excepción dese século XX, axitado e convulso, que soubo facer seu como ninguén en Galicia.

A súa sorprendente diversificación ou as súas importantes iniciativas convérteno nun dos máis importantes exemplos de conduta que poidamos encontrar na Galicia do século XX.




RECUPERACIÓN DA FIGURA DO POETA FERROLÁN: JOSE LUIS PRADO NOGUEIRA

O Concello de Ferrol, a Sociedade Cultural Valle Inclán e a Fundación Caixa Galicia renderon xusto homenaxe ó autor de ***Miserere en la tumba de Rosario Nogueira*** un dos grandes nomes da lírica galega en lingua castelá. Nunca é tarde para os recoñecementos merecidos, xa que morreu no ano 1990.



ANO DALI 2004 (CENTENARIO DO SEU NACEMENTO)
SALVADOR DALÍ I DOMÈNECH
FIGUERES, 11 DE MAIO DE 1904 - 23 DE XANEIRO DE 1989




Salvador Dalí, fillo dun prestixioso notario de Figueres, dedicouse ó debuxo e á pintura dende moi novo, e en 1922 empezou os estudios de Belas Artes en Madrid. Durante a súa estancia na Residencia de Estudiantes mantivo unha grande amizade co poeta Federico García Lorca e o cineasta Luís Buñuel, cos que levou a cabo numerosos proxectos artísticos vangardistas

Despois de estudar en Madrid e de participar nos debates artísticos renovadores dos anos vinte en Cataluña, Salvador Dalí marchou a París e integrouse no grupo de pintores e escritores surrealistas. Deste período datan algunhas das obras que o converten nun dos máximos representantes do surrealismo.

En 1929 coñeceu á moza rusa Helena Diakonova, coñecida co sobrenome de Gala, que dende entón se convertería na súa modelo e compañeira.

En 1983 creou a Fundación Gala-Salvador Dalí, a institución que xestiona, protexe e fomenta o seu legado artístico e intelectual.



LÁZARO CARRETER
(1923 – 2004)

O lingüista e ex director da Real Academia Española **Fernando Lázaro Carreter** morreu o 4 de marzo de 2004. Sen el a lingua española quedouse un pouco orfa.

«Elogiar la palabra es como elogiarnos a nosotros mismos, porque la palabra es la materia básica para entender lo humano», dicía o mestre.

Non é casualidade que Lázaro Carreter sexa un académico coñecido e lido por todo o mundo. Varias xeracións de españois aprendimos a expresarnos gracias os seus manuais de *Lengua y Literatura* de Anaya. Os seus dardos asasinos contra tantos erros lingüísticos puxeron roxos a máis de dous.

Nos últimos anos non se cansou de denuncia-la «anemia idiomática» que atravesa o castelán, debida segundo o académico a que dende a escola se enxalza a vulgaridade e se persegue a excelencia. Porque non hai que esquecer que, si ben é moi coñecida a infatigable afección do académico de recrearse en vulgarismos para sustituílos pola voz correcta –como legado nos queda 'El dardo en la palabra'–, a Lázaro Carreter nunca lle molestou a orixinalidade do pobo, as **expresións inéditas da xente** que lle parecían «pebidas de ouro» no medio do idioma. E detestou a excelencia *cursi* que non fai outra cousa que empobrecelo idioma.



CAMPAÑA POR UNHA ESCOLA LAICA

CEAPA pide ó Goberno que prohiba a simboloxía relixiosa na escola pública.

A Confederación Española de *Asociaciones de Padres y Madres de Alumnos (CEAPA)* pide ó Goberno que promulgue unha norma que impida a exhibición de simboloxía relixiosa na escola pública, ó igual que anunciou o goberno francés.


CEAPA entende que o goberno francés comprendeu que é a súa responsabilidade preserva-lo laicismo na sociedade e presentou unha lei que garante a neutralidade da escola pública, ó prohibi-la exhibición nela de simboloxía relixiosa. Mentres, en España, os crucifixos presiden aínda moitas aulas da escola pública, e o goberno IMPÓN unha sinatura de relixión para todo o alumnado.

Ante esta situación, CEAPA presentou o 1 de outubro ante o Tribunal Supremo un recurso contencioso-administrativo contra a Lei Orgánica de Calidade da Ensinanza (LOCE), coa finalidade de logra-la suspensión da actual normativa, en canto á obrigatoriedade e avaliación da relixión e da súa alternativa, e conseguir do Tribunal Constitucional a declaración de inconstitucionalidade.

A escola, hoxe máis que nunca, debe ser un espacio público, onde o adoutrinamento relixioso e ideolóxico quede fóra das súas portas. A sociedade demanda unha secularización máis intensa da vida pública, e non regresar ó Estado confesional católico nin propicia-la aparición doutros fundamentalismos relixiosos.

A LOCE exalta os valores relixiosos por encima de calquera outro pensamento, como a única fonte que dá sentido á existencia da humanidade, o que significa unha falacia absoluta.

A alternativa supón a imposición dunha materia obrigatoria a uns, coa intención de salvagarda-los hipotéticos dereitos doutros. A imposición dunha ensinanza alternativa á relixión vulnera o dereito á igualdade de trato e, de paso, a liberdade de pensamento e de conciencia, que esixe a nosa Constitución. As crenzas relixiosas forman parte do ámbito do privado e, por tanto, a ensinanza das relixións debe quedar á marxe da ensinanza obrigatoria e fóra do currículo escolar.



MANIFESTO EN CONTRA DO CAMPO DE GOLF EN LOBADIZ

As entidades, asociacións ou colectivos asinantes queren manifestar o seu rexeitamento ó proxecto de construcción dun campo de golf no Monte de San Xurxo, promovido pola empresa NATURE GOLF S.L., polos seguintes motivos:

1. Monte de San Xurxo forma parte do Lugar de Interese Comunitario denominado «Costa Ártabra» proposto pola Xunta de Galicia para integrar a rede europea de Espacios Protexidos Natura 2000. A construcción dun campo de golf neste Espacio Protexido destruiría de forma irreversible os hábitats naturais que motivaron a inclusión do Monte de San Xurxo como Lugar de Interese Comunitario, así como as especies animais e vexetais que alberga.

2. A construcción do campo de golf e a urbanización anexa ademais, conlevarían outros impactos: inxente consumo de auga, emprego masivo de herbicidas e pesticidas que afectarían á fauna e ás fontes, introducción de especies vexetais exóticas e transxénicas, entre outros.


3. Os montes de San Xurxo constitúen unha das principais zonas da comarca abertas ó desenvolvemento de múltiples actividades lúdicas (deportivas, micolóxicas, senderismo, etc.) ou simplemente para o disfrute da paisaxe e da natureza nunha das últimas zonas non urbanizadas da costa galega. Consideramos lamentable que un espacio, que aínda que ten os seus lexítimos propietarios (os veciños de San Xurxo), actualmente accesible ó disfrute dun gran número de persoas da comarca se transforme en terreos de acceso restrinxido e para uso e disfrute duns poucos.

4. A construcción xa en marcha dun campo de golf na parroquia do Val, en Narón, satisfaría, ó noso entender, a demanda dos afeccionados a este deporte na Comarca.

5. Coidamos que, no canto de proxectos especulativos, existen e deben potenciarse dende as administracións outras fórmulas de desenvolvemento que permitan ós veciños obter lexítimos beneficios económicos do monte sen que iso implique a súa destrucción para as xeracións futuras.

6. A construcción do campo de golf e a urbanización anexa infrinxiría o Plan Xeral de Ordenamento Municipal de Ferrol que cualifica a zona como Solo Rústico de Espacio Natural. Asistimos polo tanto, perplexos, ó feito de que a empresa NATURE GOLF S.L comence os trámites de compra de terreos para unha obra que a priori infrinxe as leis anteriormente mencionadas, prevendo a autorización das autoridades competentes no desenvolvemento dos seus proxectos.


Por todo o exposto esiximos das autoridades competentes, que en aplicación das actuais leis ambientais e de ordenación do territorio, impidan a execución deste proxecto.



II CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL «ATENEA 2004»
COLABORACIÓN CON CAIXA NOVA

Empezamos coa primeira FASE da final deste certame que representarán as súas funcións entre o 15 de abril e 15 de maio nas que o Xurado estará presente para a súa valoración e selección final.

Diferentes Colexios e Entidades de Ferrolterra participan neste certame que, gracias á colaboración e patrocinio de CAIXANOVA, estamos consolidando no seu segundo ano de convocatoria.



ASOCIACIÓN IBEROAMERICANA E FILIPINA DE ATENEOS

IMAXES



Busto de Jorge Juan, na avenida que remata na Latitude 0°00'

Na derradeira viaxe á Asemblea da Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos en Quito, Ecuador, tiveron a ben presentarnos a un vello coñecido de todo-los ferroláns.

Por outra banda, mostramos abaixo outras publicacións do noso entorno máis próximo, as portadas dos boletines do Ateneo Riojano e do Ateneo Científico, Literario e Artístico de Alicante.

Dende aquí, unha aperta moi grande para todos eles.

Ateneo Riojano

Revista informativa y de difusión cultural
Nº 4 • Año II • Enero - Marzo 2004

SUMARIO

Ciclo Monasterios Riojanos — *Homenaje a Teodoro Sabrás*

ATENEO CIENTÍFICO, LITERARIO Y ARTÍSTICO ALICANTE

Telf. 965 20 82 55 y Fax 965 14 24 05
E-mail: ateneoalicante@aclaa.e.telefonica.net
C/ Navas, 32 - 03001

C.I.F. G 03181591

BOLETÍN INFORMATIVO N. º 147
Marzo 2004 * Año XX

LA JUNTA DIRECTIVA INFORMA

Con la conciencia tranquila, con la sensación de que sólo queda hacer lo que sabemos quienes somos responsables de este Ateneo: **trabajar y hacer** que funcionen las cosas.

Que en los talleres de pintura haya alumnos y profesores, que a la semana se celebran 2 ó 3 actividades puntuales, charlas, conciertos o recitales de poesía. Porque ya conocen que los martes ensaya el Orfeón Mare Nostrum, que cada mes habitualmente hay dos exposiciones de pintura como mínimo, que se hacen todos los meses audiciones de alumnos del Conservatorio, se proyectan películas, y vídeo zarzuela u opera y se ofrecen homenajes. Este es un Ateneo vivo donde se trabaja continuamente en las oficinas por la mañana y por la tarde, donde acuden socios a leer periódicos y revistas, o a jugar al dominó, a las cartas, al parchís, participan en el Foro de opinión y también asisten a los actos que organizamos fuera de nuestra sede, y como es lógico, las actividades tienen lugar, en general, por la tarde. La inauguración oficial de la Sala Polivalente, del escudo y las banderas, se hizo junto con bendición.

Esta la celebró D. Antonio Vivo canónigo de San Nicolás y párroco de Santa María.

Fue un acto entrañable en el que nos acompañaron junto a un gran número de socios, representantes de otras asociaciones e instituciones como; Comisión Gestora de Hogueras de San Juan: Amigos del Conservatorio: Nuevo Futuro, etc. asi como Dña.Concha Sirvent de Cultura de la Generalitat Valenciana quien procedio a dirigirnos unas palabras en nombre de dicha Institución.

Con lo dicho anteriormente pueden imaginarse, aquellos que no asistieron, que ha sido un motivo más de satisfacción para todos los que trabajamos en y por el Ateneo. Tanto a los socios que no pudieron asistir, como a los que nos acompañaron, muchas gracias; lo mismo por su presencia como por su colaboración.

Maribel Berna Box
Presidenta

Continuador de la tradición Ateneísta Alicantina desde 1839.

* 1986 Importante del Diario Información.
* 1992 Copa de Honor a la Mejor Promoción Cultural en la XX Edición del Ranking Internacional del Prestigio, de Madrid.
* Miembro de la Asociación de Ateneos
* Asociación declarada de Interés Municipal.
* Premio "Francisco Liberal" 2001.
* 1992 Premio de la Asociación Provincial de Profesionales de Relaciones Públicas de Alicante.
* 1996 Máster de Popularidad.
* Medalla de Oro de la Fiesta de la Banderita de la Cruz Roja de España.

Colaboran:
_ Generalitat Valenciana
_ Excmo. Ayuntamiento de Alicante.
_ Concejalía de Educación y Cultura; Concejalía de Participación Ciudadana.
_ Excma. Diputación Provincial de Alicante.



POEMAS recollidos do LIBRO de MANUEL RIVAS:
Do descoñecido ao descoñecido
Obra poética (1980-2003)

DESACOUGO

CAEU no chan a bóla de nadal.
Aprenderon os nenos que o chorar
non tiña lei, como o soñar,
cando viron o mundo en anacos de cristal.

NACIONALISMO

ABAIXO todas as nacións,
dixo aquela especie de mendigo.
Todas?
Todas.
Todas, agás aquela
que dea boa sombra.

AVENIDA ATLÁNTICA

AGARDO a vinganza do mar.
O mar volvéndose con ollos de tolo cara terra.
O mar burbullando no oco negro dos sartegos.
O mar chamando ás portas da cidade.
O mar cos beizos secos.
O mar percorrendo a distancia dun puño.
O mar só como un solo de jazz.
Un paxaro cego.
Un cabalo azul a beber nos espellos.
O mar.
Afogando o meu corazón, un peixe abisal,
eléctrico e antigo.
Levándome como un animal adormecido na area.
Lonxe de vós, contra vós, o mar.

Manolo Rivas

Recuperámolos para dedicarllo ó 11-03-04

SILENCIO

Si me hareis callar
que sea ahora,
ahora que os puedo decir no,
y nada tenéis con que comprarme.

Que no quiero esperar,
que sea ahora.
Ahora que no puedo sentir
el peso de tanto horror.

Que no me duele
tener la boca cerrada,
sois vosotros quien ha hecho
del silencio palabras.

Que no quiero esperar
que el tiempo enmohezca el arma,
que no quiero que el miedo
disponga de más tiempo para vencerme.

Si me hareis callar
que sea ahora,
ahora que tengo las manos
para cambiar de guitarra.

CANCIÓN SIN NOMBRE

¿Dónde vas con las banderas y aviones
y todo el círculo de cañones
que apuntas a mi pueblo?

¿Dónde vas con la vergüenza por galón
y en el fusil llevas el miedo
que apuntas a mi pueblo?

¿Dónde vas cuando ya el niño
no quiere Jugar
porque la calle
rebosa de sangre
y eres tú quién la llena?

¿Dónde vas cuando
ya el niño no puede mirar
ni el azul del mar,
ni este cielo claro
y eres tú quien lo roba?

Lluis Llach



A ESTRUCTURA enteira
colle sentido na punta estremecida
dos dedos,
que se entregan ilustrados
o resultado intenso polo descoñecido.
Porque o principio, apenas foi
unha escala rubindo polo ár
ata desfacerse en motivo descendente
polo curso das posibilidades.
Chega, e fuxe sorprendido
polo feitizo inmenso do inventado.

Coleman Hawkins sorprendese no escenario
da sua propia claridade.

A ARQUITECTURA sonora, emerxe
do pulo e do amor dunha realidade
propia.
O impecable dominio solitario
do alento narrativo amplificado.
As obsesions, confirman o ritual
emotivo, das trasformacions minuciosas
do lirismo apocalíptico da linguaxe eterna.

O mundo recobra o encantamento
que Dexter Gordon deixou
como un legado póstumo
a visión desolada do intelecto.





LA estructura entera
coge sentido en la punta estremecida
de los dedos,
que se entregan ilustrados
al resultado intenso por lo desconocido.
Porque al principio apenas fue
una escalera subiendo por el aire
hasta deshacerse en motivo descendente
por el curso de las posibilidades.
Llega, y huye sorprendido
por el hechizo inmenso de lo inventado.


Coleman Hawkins se sorprende en el escenario
de su propia claridad.


LA arquitectura sonora, emerge
del impulso y del amor de una realidad
propia.
El impecable dominio solitario
del aliento narrativo amplificado.
Las obsesiones confirman el ritual
emotivo, de las transformaciones minuciosas
del lirismo apocalíptico del lenguaje eterno.

El mundo recobra el encantamiento
que Dexter Gordon dejó
como un legado póstumo
a la visión desolada del intelecto.

Ilustracións de Llorens

Mª Carme Kruckenberg





RECINOR

RECINOR nace coa prioridade de paliar un asunto tan crítico como o que supón o vertido de residuos de construcción. Adoptando a única solución posible que existe, o RECICLAXE, a REUTILIZACIÓN e a REDUCCIÓN de dichos residuos, chegamos a colocar máis do 80% do producto de novo no mercado.

"Todo residuo potencialmente reciclable o valorizable deberá ser destinado a estos fines, evitando su eliminación en todos los casos que sea posible"

Art. 11 punto 2, de la Ley 10/1998 de abril, de Residuos (BOE nº 96, de 22/04/1998)



Gabriel Tizón



ATENEO FERROLÁN
www.ateneo-ferrolan.org